

IDE E PREDICADE O EVANXEO A TODOS OS POBOS



Son eu, non teñades medo
(Mc 6,50)

Introducción

Nos comezos do novo curso pastoral seguimos a tomar conciencia de que todos nós estamos en formación e tamén de que a formación é un elemento fundamental do ministerio presbiteral que se nos confiou mediante a ordenación.

Estamos en formación sempre e permanentemente ata chegarmos a ter a forma de Cristo ou, dito doutro xeito, ata que permitamos que Xesús Cristo se forme en nós. Este proceso é continuo e permanente, pois a vida mesma é formación. Esta nunca se pode dar por rematada ou concluída, pois abarca a vida enteira e todas as súas facetas.

O curso pasado reflexionamos sobre a dimensión comunitaria ou colexial do ministerio presbiteral, que nos situaba moi atinadamente no camiñar sinodal da Igrexa, tanto da nosa Igrexa local como tamén da Igrexa universal.

Vivimos nuns tempos onde todo muda con moita présa e se move a uns ritmos moi acelerados. Todo se somete a revisión e a sospeita. Vívese seducidos e enredados no inmediato, no que a cada quen lle resulta interesante ou máis conveniente. O curso pasado na presentación do programa de formación, na introducción xa se presentaban estes interrogantes que resultan hoxe plenamente actuais e pertinentes: *Como ser presbíteros nesta conxuntura e como formarnos para responder a estes retos?*

O último dos temas do curso 21-22 tiña coma título: *En Ourense, construíndo o futuro*. O tema era unha invitación a buscar e diseñar o perfil do presbítero hoxe e de ir trazando itinerarios de vida e de acción pastoral. O tema estaba estruturado nestes

catro puntos: Insertos no mundo, no corazón da Igrexa diocesana, o reto das UAPS, enviados aos nosos pobos e aldeas.

Quizais sexa bo facer unha relectura dese tema que poida servir coma introducción para o ano pastoral que agora iniciamos.

A Programación Diocesana de Pastoral deste curso 2022-23 é unha forte chamada e tamén unha provocación á fe e á nosa condición de discípulos e testamuñas de Xesús Cristo. O itinerario de Formación Permanente deste curso vai ter no lema da programación diocesna a súa referencia fundamental e a súa fonte de inspiración: **Son eu, non teñades medo** (Mc 6,50; Xn 6,20). Deste xeito avanzamos na covicción e na comprensión de que a Formación Permanente abarca toda a vida do sacerdote: humana, espi ritual, pastoral e teolóxica.

Esta palabra de ánimo e confianza pronúnciaa Xesús ante os seus discípulos que tentan atravesar o mar de Galilea durante a noite despois da multiplicación dos pans. Os apóstolos están nunha situación crítica loitando nas tebras contra o mar bravo que ameaza as súas vidas e parece que todo se vai ir a pique. No medio da escuridade e da treboada aparece Xesús invitando á fe e á confianza nunha situación límite: *son eu, non teñades medo*.

Esta pasaxe evoca aqueloutra na que Xesús está a durmir na barca e esta está a piques de afundirse: *Señor, Sálvanos... Por que tendes tanto medo? Seica aínda non tedes fe?* (Mc 4,39-40).

Quizais a nosa misión hoxe nesta sociedade e na nosa Igrexa local de Ourense teña moito en común co que viviron os apósto-

los na súa aprendizaxe de discípulos con Xesús o seu Mestre para poderen logo realizar a misión para a que foron chamados.

A Xesús acuden as multitudes do pobo que eran normalmente os máis pobres, os enfermos e os sectores máis baixos da escala social. Son xentes que teñen moitas necesidades. Xesús achégase, proponse as súas ensinanzas, cura de moitas doenzas e libera do espírito do mal. Velaí o amor e a compaixón de Xesús polas multitudes que andaban coma ovellas sen pastor (Mc 6,34). Este amor e esta entrega teñen que brillar na vida do presbítero no exercicio da caridade pastoral. O presbítero non busca ter poder e influencia na sociedade, como esperaba unha gran parte da xente e incluso do grupo de discípulos que pretenden facer rei a Xesús, senón proporcionarlle ao pobo o verdadeiro alimento, e facerse el mesmo coma Xesús Cristo o verdadeiro pan que dá a vida que permanece, a que brota da fe (Xn 6).

Esta travesía polo mar de Galilea no medio da tormenta e da noite e a presenza de Xesús que interpela e invita á fe, ten un marcado acento pascual cuxas raíces atopamos xa no éxodo do pobo de Israel. Esta marcha iníciase atravesando o mar pola noite para acadar a liberación e a ansiada liberdade, pasando polas duras experiencias do medo, da desconfianza e tamén da incredulidade.

A misión evanxelizadora na nosa Igrexa hoxe ten un marco moi semellante aos comezos da predicación dos apóstolos e ao camiñar das primeiras comunidades cristiás. O relato no que o Señor alimenta a multitude famenta, a quen en primeiro lugar lle anuncia o Evanxeo do Reino, reclama a conversión e a fe.

Isto mesmo é o gran traballo que nós temos que realizar na acción pastoral que temos que emprender nos lugares aos que fomos enviados. Pois a nova vida e a nosa misión resúmense e acadan a súa unidade no anuncio do Evanxeo, como nos recorda Paulo VI: *o que constitúe a singularidade do noso servizo sacerdotal, o que lle dá unidade profunda á diversidade de tarefas que nos solicitan cada xornada e en toda a nosa vida, o que lle confire ás nosas actividades unha nota específica, é anunciar o Evanxeo de Deus* (EN 68).

Esta mesma referencia ao éxodo evocámola frecuentemente citando estas palabras do Papa Francisco: *Igrexa en saída*. O anuncio do Evanxeo que Xesús nos confiou leva tamén estas marcas de éxodo, de ir ao encontro de todas as xentes. Este camiño hoxe temos que facelo atravesando un extenso deserto (a secularización) no que agardamos que poida brotar a fe. Sabemos que a resposta ou a aceptación do evanxeo non vai ser masiva e vai atopar resistencias e oposición buscando camiños máis fáciles (Mc 16,15-16; Mt 10,16-25).

A misión evanxelizadora, a construción da Igrexa hoxe ven a ser a experiencia e o itinerario do Exodo. Non é nada fácil abrir camiños polo mar ou no deserto. Hoxe tanto nas dioceses coma nos presbiterios temos a sensación de que non sabemos que facer. Como anunciar o Evanxeo hoxe a unha xente autosuficiente, marcada pola indiferenza relixiosa, para quen Deus é un extraño e cuxo nome xa non se pronuncia?

Isto parece tan complicado ou inverosímil coma camiñar polo mar. Os israelitas experimentaron a primeira crise ao atravesar o mar e sentiron medo ante o exército do Faraón: *Moisés respon-*

deulles: non teñades medo. Mantédevos enteiros e veredes a salvación que vos concederá hoxe o Señor (Ex 14,13). Os apóstolos experimentaron o mesmo medo cando Xesús se achega camiñando polo mar vencendo o poder das tebras: *Son eu, non teñades medo (Xn 6,20).* Tanto nun caso coma no outro o medo revelaba a desconfianza e a falta de fe na promesa do Señor que é capaz de facer posible o imposible. Velaí a forza da fe.

O camiño do Exodo, o peregrinar polo deserto é o camiño da cruz. Isto non podemos esquecerlo os que fomos chamados a ser testemuñas de Xesús Cristo e pregoeiros do Evanxeo. Por isto mesmo a misión evanxelizadora sempre foi e será contracultural e ten que asumir que será signo de contradicción, que nunca deberá ser unha relixión de vencedores e de maiorías. Non podemos esquecer que Iahvé non era o Deus dos grandes imperios senón o Deus dunha minoría étnica marxinal coa que se comprometeu en alianza eterna sen esixirlle máis que a acollida da súa palabra, é dicir, a fe.

Contemplando a vida das nosas parroquias e os centros de interese das nosas xentes somos conscientes que temos que ir moito máis alá dunha pastoral de manter o que hai, pois iso é achegarnos de forma acelerada á agonía ou a defunción da vida cristiá en moitos lugares, aínda que pervivan algunhas prácticas e tradicións de relixiosidade, pero que poden estar lonxe de ser discípulos de Xesús Cristo.

A vida da Igrexa na nosa diocese está a sufrir unha forte e continua erosión. O que estamos realizando e promovendo nunha gran maioría de sitios é o de sempre. Isto resulta anacrónico e non forma verdadeiros cristiáns, discípulos e testemuñas de

Xesús Cristo. Quizais, coma os israelitas e os apóstolos, nos asalte o medo a cambiar, a abrir novos camiños no deserto ou no mar de confusión no que nos atopamos hoxe. Anunciar o evanxeo, dar a coñecer a Xesús Cristo, facer a proposta e a iniciación á fe en Cristo, non facilitar os sacramentos a persoas que poderíamos chamar paganas, implicar os leigos na animación das parroquias... Dar un golpe de timón é algo que nos dá medo. A tentación é continuar co de sempre e non desentonar.

Ser cura hoxe é camiñar polo deserto e abrir camiños polo mar... Neste contexto os primeiros que precisamos ser envanxelizados e dar o salto da fe somos nós, os presbíteros. Cada día escoitar e asimilar a primeira predicación de Xesús: *Convertédevos e crede no evanxeo* (Mc 1,15). Conversión e fe son dous eixos fundamentais a cultivar e coidar. A fe implica un elemento relacional, de confianza que ao mesmo tempo é un risco. Esta actitude é a que mellor nos realiza como persoas. O grande medio do que dispomos para coidar e reavivar todo isto é precisamente a Formación Permanente.

A sociedade ao longo da historia foi pasando por moitos cambios e transformacións que sempre se realizaron en medio de grandes crises e viron a luz en partos difíciles e dolorosos. Pensemos na superación da escravitude, o feudalismo, a revolución industrial, as novas tecnoloxías, a dixitalización... Quizais de forma análoga teríamos que pensar tamén nunha revolución pastoral e nunha nova vertebración da diocese?

A nosa diocese é unha Igrexa antiga, con moitos séculos de existencia, pero non é ocioso preguntarnos se ten realmente un humus evanxélico, se a gran parte das parroquias son verdadei-

ras comunidades cristiás ou simplemente demarcacións territoriais. Todos somos conscientes da necesidade de afrontar sen medo unha transformación radical que non ven prefabricada, senón que todos temos que xerar e facer xurdir.

Na nosa sociedade está moi enraizado o modelo antropolóxico do individualismo, que tamén se estendeu aos cristiáns. Os vínculos sociais fóronse debilitando, o refuxio no privado converteuse no ideal a conseguir. Por isto mesmo na Igrexa existe un individualismo pastoral e tamén teolóxico, que algúns califican de inmenso. Isto comporta un risco de paralización de todo proxecto de renovación pastoral, pois a alma de toda renovación eclesial é a comunidade. O que non pasa a través da comunidade ou non está apoiado ou vivido por ela non pode ter unha vida duradeira¹. Este individualismo é tamén unha das causas da penuria vocacional ao ministerio e á vida relixiosa.

O programa da Formación Permanente deste curso está en liña de continuidade co que se seguiu no curso anterior. Trátase de continuar afondando na dimensión comunitaria, que neste caso non se centra unicamente na dimensión colexial do ministerio presbiteral, senón sobre todo nunha acción pastoral conxunta que leve á promoción e ao afianzamento de verdadeiras comunidades cristiás no seo das nosas parroquias e das Unidades de atención pastoral.

A Programación Diocesana de Pastoral marca esta prioridade e esta necesidade nos obexctivos que propón acadar no presente curso e no que os axentes de pastoral temos que investir o noso traballo e a nosa dedicación:

¹ A CENCINI, *Fraternidad en camino*, Santander (2000), p. 14-15.

- *Promover espazos comunitarios que axuden a reavivar a nosa fe de xeito que cheguemos a ser verdadeiras testemuñas de Xesús Cristo.*
- *Deseñar itinerarios de acompañamento para que as familias asuman a súa misión de Igrexa doméstica e a transmisión da fe.*

Neste contexto a Formación Permanente é unha ferramenta fundamental, pois non se reduce a tratar uns temas que nos leven a unha certa renovación teolóxica, senón que ten coma eixo central a configuración con Xesús Cristo o Bo Pastor, o servo sufrinte, o fillo obediente e o niño inocente. Esta vinculación a Xesús Cristo o Enviado do Pai abarca toda a nosa vida: a condición humana con todas os seus valores e as súas ambigüidades, a vida de fe ou a espiritualidade, a misión pastoral e o estudio intelectual especialmente as diferentes ramas da teoloxía e da Escritura. Estes catro compoñentes teñen que ser coidados e cultivados de xeito unitario e harmónico, tanto a nivel persoal coma de grupo nas distintas instancias onde se desenvolve a vida do presbítero. Non podemos esquecer que o Espírito Santo é o noso gran formador. É El quen forma a Xesús Cristo en nós, quen unifica a nosa vida e quen promove unha circulación saudable na base da nosa condición humana entre fe, estudio e acción pastoral. Por isto mesmo a Formación Permanente non é unha cuestión de contidos e de nocións que hai que aprender, seón unha dispoñibilidade interior que se modela lenteamente e que debería chegar a ser cada vez máis estable.

A convicción de fe da presenza de Xesús Cristo dános forza e fainos vivir a conxuntura difícil e complexa que estamos pasando: *Son eu, non teñades medo*. Así poderemos superar un certo cansazo e escepticismo pastoral, certos aires de derrotismo que

se respiran nalgúns círculos eclesiásticos, o medo e a timidez para dirixirnos a quen están alonxados da vida da Igrexa, a inseguridade e o temor ante unha pastoral que precisa ser renovada dacordo co camiñar dunha sociedade que está casi nun cambio sempre activado.

O Señor escolleunos para colaborar con El na súa misión e embarcounos nesta aventura. No noso camiñar imos fixarnos no seu itinerario e tentar de seguilo como verdadeiros discípulos.

Este alento e a forza que infunde Xesús aos apóstolos é pronunciado no contexto do exercicio da misión evanxelizadora. O capítulo seis de Marcos comeza coa visita de Xesús a Nazaret e co envío dos apóstolos a predicar. Logo o evanxelista intercala unha perícopa estraña (6,14-29), a morte de Xoán Bautista, e o versículo trinta retoma o diálogo de Xesús cos apóstolos facendo unha revisión da misión que acaban de realizar. Quizais o episodio da morte de Xoán Bautista sexa unha maneira de mostrar a oposición e a contradición que comporta o anuncio do Reino de Deus.

Esta mesma oposición e rexeitamento aparece tamén no inicio do capítulo que narra a escasa acollida das ensinanzas de Xesús na súa vila de Nazaret (Mc 6,1-6).

O itinerario apostólico de Xesús, o Bo Pastor, vai ser a referencia fundamental no noso itinerario de Formación Permanente. Esta formación é a que nos renova e nos confirma na gran misión e no gran reto de anunciar o Evanxeo hoxe, neste mundo desconcertante por tantos cambios e nesta Igrexa, fráxil e temerosa, pero chamada a ser sal e a ser luz.

A partir da pasaxe que conclúe o relato no que Xesús alimenta a multitude (*Ánimo! Son eu, no teñades medo*) somos chamados a refacer o itinerario pastoral de Xesús procurando seguir os seus mesmos pasos para servir *o pan que non se acaba e que dura deica a vida eterna* (Xn 6,27). Todo o capítulo seis de Marcos vai inspirar, iluminar e guiar o noso programa e o noso itinerario de Formación Permanente neste curso pastoral 2022-2023.

1 Xesús, un predicador itinerante

2 A Compañía e a caridade pastoral

3 Enviados a predicar e compartir a misión itinerante

4 Andar polo mar e a escuridade da fe

5 A oración e a Eucaristía.

A Formación Permanente pide unha forte implicación. Nesta proposta de traballo non hai profesores e alumnos. Non abonda con ir e escoitar o que di o responsable de animar o grupo. O verdadeiro responsable da Formación Permanente somos cada un de nós. No itinerario da Formación Permanente se non se provoca unha implicación persoal do suxeito, córrese o risco de crear unha cultura que non serve para a vida. Cada quen debe aprender a estar vixiante e atento para deixarse formar por todo o que acontece na realidade na que está inserto, que despois se comparte e se debe discernir no grupo arciprestal ou similar.


Esta responsabilidade que temos todos non debe entenderse simplemente como a asunción dunha serie de obrigas e deberes, senón como unha resposta que nace do amor. Nace de desucbrir

o amor do Pai que quere configurarnos co Fillo e que considera que a nosa vida e a nosa persoa son dignas de atención.

O método que imos seguir reclama especialmente un traballo persoal durante o mes que se fai na vida de cada día: o trato e a relación coa nosa xente, oración e vida de fe, lectura da Escritura, a vida apostólica, lecturas de teoloxía e pastoral...

O programa consta dun caderno para o animador e outro máis pequeno para cada participante.

O caderno do participante contén un esquema do tema, unhas pistas para a reflexión e o discernimento espiritual e pastoral a partir dalgunhas cuestións, de textos da Escritura e do Maxisterio.



Unha pequena bibliografía.

Concilio Vaticano II, *Presbyterorum Ordinis*.

Pablo VI, *Evangelii Nuntiandi*

Juan Pablo II, *Pastores Dabo Vobis*

Francisco, *Evangelii Gaudium*

Congregación para el Clero, *La conversión pastoral de la Comunidad Parroquial*, en BAC-documentos 78.

A CORDOVILLA, *Como el Padre me envió, así os envió yo*, Salamanca (2019).

G. AUGUSTIN (Ed.), *El desafío de la Nueva Evangelización* (Santander) 2012

G. AUGUSTIN (Ed.), *Testigos de la fe*, Santander (2013).

A. CENCINI, *Fraternidad en camino*, Santander (2000).

A. CENCINI, *La Formación Permanente*, Madrid (2003).

A. CENCINI, *¿Creemos de verdad en la Formación Permanente?*, Santander (2013).

A. CORDOVILLA, *Crisis de Dios y crisis de fe*, Santander (2012).

A. BRAVO, *Eucaristía y sacerdocio*, Salamanca (2002).

Encontro 1º

XESÚS, UN PREDICADOR ITINERANTE

Introducción

Unha gran parte dos presbíteros da nosa diocese realizan o seu ministerio nun contexto que esixe unha gran mobilidade. No medio rural cada sacerdote vai vendo como se lle acumula un crecente número de parroquias. A isto hai que engadir o que poderíamos malchamar pluriemprego para unha parte do clero que realiza funcións ou que se lle encomendou algunha misión pastoral a unha distancia considerable do lugar onde realiza a misión fundamental de párroco.

O tempo actual e os medios dos que dispomos facilitan moito a mobilidade, o poder estar nunha brevidade de tempo en varios sitios. Este fenómeno pode inducirnos a pensar que estamos a realizar un ministerio moi semellante ao de Xesús e ao dos apóstolos e misioneiros, marcado pola itinerancia.

Somos moi conscientes de que non é o mesmo mobilidade fácil que itinerancia. A itinerancia implica unha certa permanencia, entrar en diálogo e comunicación, convivir durante un tempo. A mobilidade é unha estancia relampo, un *hola e ata logo*, coma unha visita de médico.

Os presbíteros da nosa diocese en que categoría nos encadramos? Na mobilidade ou na itinerancia?

Pola ordenación fomos constituídos ministros coa misión de representar, de facer presente a Xesús Cristo que foi sobre todo

un predicador itinerante. Como esa itinerancia está brillando en nós?

1 Xesús, o predicador itinerante

O Mestre Xesús, que inicia a súa misión percorrendo as aldeas e vilas de Galilea aparece como un predicador ou un mestre itinerante que, acompañado por un grupo de discípulos, anuncia a chegada do Reinado de Deus que invita á fe e á conversión: *Cando prenderon a Xoán, marchou Xesús a Galilea a anunciar a Boa Nova de Deus, dicindo: o tempo está cumprido, e chega o Reino de Deus; convertédevos, e crede na Boa Nova* (Mc 1,14-15).

O Mestre Xesús cando comeza a súa misión deixa a súa vila natal, nun principio entra en contacto co Bautista e logo ten como referencia a cidade de Cafarnaún, pero desprazándose polas vilas e aldeas da contorna: *Deixando Nazaret, foise establecer en Cafarnaún, na beira do mar, en terras de Zebulón e Naftalí* (Mt 4,13).

Mateo sitúa os comezos da misión de Xesús no territorio de Zebulón e Naftalí, na Galilea dos xentís, en terras de misión. Este evanxeo presenta a Xesús iniciando unha pastoral misioneira, saíndo ao encontro dos que están lonxe, dos que non coñecen a Deus. Quizais o noso ministerio se desenvolve nun contexto semellante. Nas nosas parroquias contamos cunha gran cantidade de bautizados, pero podemos preguntarnos se son máis paganos ca cristiáns, se son realmente discípulos ou quizais persoas e grupos que ignoran e descoñecen casi totalmente a Xesús Cristo, se son verdaderios crentes ou xente que vive unha relixiosidade ao seu xeito.

O bautismo no Xordán ven a ser a presentación en público de Xesús o Fillo de Deus, que inicia a súa misión cheo do Espírito Santo e estando sempre en camiño: *E aconteceu naqueles días que chegou Xesús desde Nazaré de Galilea, e Xoán bautizouno no Xordán... e viu abrirse o ceo e baixar sobre el, como unha pomba, o Espírito Santo. E unha voz deixouse oír desde o ceo: ti es o meu fillo benquerido, o meu predilecto* (Mc 1,9-11). Isto podería asemellarse por analoxía á ordenación de Xesús para o ministerio que ía comezar. Algo que recorda a imposición de mans pola que fomos revestidos co Espírito Santo na nosa ordenación.

O Espírito Santo é dinamismo e movemento. El impulsa a Xesús a saír para ir ao encontro das xentes e moi especialmente das multitudes e dos colectivos máis pobres e indefensos. Por isto mesmo despois do Bautismo o Espírito encamiña a Xesús ao deserto: *Axiña o Espírito o encamiñou ao deserto para que Satán o tentase* (Mt 4,1). O Espírito conduciu a Xesús ao deserto, mostrando sen dúbida que a misión ten o seu apoio e o seu fundamento na fe, na acción do Señor, nun contexto de proba e confianza, lonxe de buscar apoios nas seguridades que ofrece o mundo.

O deserto revela que a misión evanxelizadora é un camiño que ten as marcas e os signos de identidade do Exodo. É un camiño de liberación, que comporta embarcarse na aventura da fe. Esta aventura preséntase como un grande desafío, pois a marcha polo deserto é dura e mesmo parece unha loucura. A fe lévanos a desposuirmos de nós mesmos, das nosas certezas, déixanos espidos para revestirmos da certeza e da confianza na acción de Deus que camiña co seu pobo e que o libera de tantas escravitudes.

A nosa misión hoxe pasa por atravesar o deserto da secularización, da indiferenza relixiosa e dun entorno cultural e social endeusado e pechado nun estilo de vida autista e autosuficiente, no que a apertura á alteridade e polo mesmo á fe, que é encontro e relación, resulta moi dificultoso.

Xesús sae ao encontro da xente e faise presente en diferentes lugares e contextos para anunciar a Boa Nova que provoque a resposta da fe. Contemplamos a Xesús percorrendo pobos e vilas de Galilea arredor do lago de Xenesaret, pasando duna ribeira a outra, indo ao encontro da xente e ensinando nas sinagogas. Antes de enviar os apóstolos en misión no evanxeo de Marcos, Xesús vai a Nazaret, o seu pobo, e alí ensina a xente: *Sáíndo de alí, foise para a súa vila, acompañado polos seus discípulos. Cando chegou o sábado, empezou a ensinar na sinagoga... estaba sorprendido por aquela incredulidade. E deddicouse a andar polas aldeas dos arredores ensinando* (Mc 6,1-6).

Para nós presbíteros, que a maioría estamos ao coidado pastoral de moitas aldeas, o plan pastoral seguido por Xesús é unha invitación a seguir este modelo de pastor e a facernos presentes dunha forma estable e continuada nas parroquias minúsculas das nosas aldeas e pobos. Ollando a Xesús vemos como El non espera a que veña a xente, senón que El toma a iniciativa de saír cando algún lugar ou algún grupo pretende acaparalo: *Simón e os seus compañeiros... dixéronlle: todos te andan a buscar. El respondeu: vaíamos a outro sitio, ás aldeas veciñas, para predicarmos tamén alí, que para iso vin* (Mc 1,36-38).

Predicar, anunciar o Evanxeo é a misión que leva a cabo Xesús, pero de forma itinerante. El realiza curacións, coa forza do

Espírito Santo expulsa o espírito do mal que posúe a moita xente, pero suliñando sempre o principal, o anuncio da Boa Nova: *El sandou a moitos enfermos de varias doenzas e expulsou moitos demoños. Pero aos demoños non os deixaba falar, porque o coñecían ben* (Mc 1,34). Isto mesmo é o que lle encomenda aos apóstolos cando os envía en misión: *E mentres camiñades proclamade que xa chega o Reino dos Ceos. Curade enfermos, resucitade mortos, limpade gafos, botade os demos fóra. E xa que de balde recibistes, dade de balde tamén* (Mt 10,7-8).

2 O diálogo da fe

Na súa misión evanxelizadora Xesús busca establecer cos seus oíntes ou interlocutores o diálogo da fe de xeito que despois dun certo proceso se poida producir o acto ou a confesión de fe.

Somos conscientes de que isto é un proceso complicado, de que non hai receitas nin métodos infalibles para dar o salto á fe, que é don e graza de Deus. O mesmo Mestre móstralles aos discípulos cando os envía a posibilidade do rexeitamento e mesmo da persecución. El mesmo, en Nazaret percibiu a incredulidade dos seus veciños: *cando nos vos acollan saíde daquela vila e sacudide o po dos vosos pés, para que lles sirva de aviso* (Lc 9,5; Mc 6,1-6). Sen embargo, para que a fe poida xerarse e aparecer é preciso o diálogo do predicador ou do catequista cos que están escoitando o anuncio. Non abonda con que fale só o predicador ao grupo en xeral. É preciso establecer un diálogo no que as persoas se vaian implicando de xeito que se sintan concernidas, interpeladas e provocadas para dar unha resposta ou facer unha opción.

Esta pedagogía de Xesús aparece reflectida nalgúns relatos do IV evanxeo de forma especial. O encontro con Nicodemos, coa samaritana, coa multitude de Cafarnaún, co cego de nacemento e con Marta e Maria son francamente reveladores que mostran o proceso traballososo que hai que seguir para poder confesar a fe en Xesús Cristo. Nalgúns momentos podemos facer unha lectura calma destas pasaxes para reparar no itinerario ou no modelo que segue Xesús e ao mesmo tempo contrastalo co que nós estamos a facer nas nosas parroquias e na acción pastoral coas nosas xentes.

Xesús móstranos que non se evanxeliza a distancia e posiblemente tampouco vía online. El vai ao encontro da xente. Entra en relación e diálogo pouco e pouco seguindo un proceso ascendente que no mellor dos casos chega á explícita confesión da fe. Así Xesús revélalle a súa identidade á samaritana despois dunha longa conversa: *sei que está para vir o Mesías, o chamado Cristo. Cando el veña, hamos aclarar todo iso. Díxolle Xesús: Son eu!, o que está falando contigo (Xn 4,25-26)*. A través dun diálogo, dunha comunicación progresiva que vai de menos a máis o Señor, coidando de non queirmar etapas e acomodándose ao ritmo das persoas, chega a poñer sobre a mesa a gran pregunta da fe. O cego de nacemento, despois de pasar por moitos interrogatorios duns e doutros, encóntrase con xesús que lle pregunta directamente: *Cres ti no Fillo do home? El respondeulle: e quen é, Señor para que crea nel? Éche o mesmo que estás vendo e que está a falar contigo. El dixo: Creo, Señor: e postrouse diante del (Xn 9,35-38; 11,21-27)*.

Non pensemos que a predicación de Xesús tivo un grande éxito. As resistencias á fe están moi arraigadas e Xesús mesmo faise eco de que unha gran parte dos seus contemporáneos te-

ñen dura a cabeza e o corazón. Era ese colectivo que os evanxeos nomean coma esta xeración que é calificada como mala e adúltera, perversa e incrédula (Mt 12,39; 16,4; 17,17). Os relatos do discurso sobre o pan de vida na sinagoga de Cafarnaún e o do cego de nacemento mostran as serias resistencias á fe, o que nos revela que non podemos ir buscando grandes exitos e que a fe e a conversión que nós temos que propor non terán unha acollida multitudinaria, senón máis ben un pequeno fermento que poderá facer medrar a masa.

Nos anos de ministerio pastoral quizais nós experimentamos nalgúns momentos situacións parellas á que viviu Xesús na sinagoga de Cafarnaún, onde a maioría da xente atopou duras e esixentes as súas palabras e deixouno só, sen embargo o Señor non presentou unha mensaxe máis doce ou rebaixada para conservar a clientela. Esta pode ser unha tentación para nós: *Desde aquela, moitos dos seus discípulos botáronse para atrás, e xa non andaban con el. Preguntoulles entón Xesús aos Doce: E vós tamén vos queredes ir? Respoudeulle Simón Pedro: Señor, e onda quen imos ir? Ti tes palabras de vida eterna, e nós cremos e recoñecemos que ti es o Santo de Deus (Xn 6,66-69).* Esta confesión de fe na madurez pasou por tempos de crise, de medo, de desconfianza, pero tamén de conversión e dun amor total ata entregar a vida (Xn 21,15-19). Velaquí un camiño a facer e refacer por nós cada día.

A misión evanxelizadora que incian os apóstolos despois da Pascua ten esta mesma pretensión. Eles saen ao encontró da xente e procuran entrar en diálogo e deste xeito fan a proposta da fe. Isto é o que nos mostran os primeiros discursos de Pedro despois de Pentecostés en Xerusalén. O mesmo estilo atopamos en Paulo tanto cando predica nas sinagogas dos xudeus coma

cando o fai entre os xentís: *Ao sentiren falar da resurrección de mortos, uns burlábanse e outros diciánlles: ben, home ben! Diso xa te escoitaremos noutra ocasión... Mesmo así, xuntáronselle algúns homes e creron, entre eles Dionisio Areopaxita, unha muller chamada Dámaris e outros (Feit 17,32-34).*

Non importa pensar tanto no número ou en ter influencia. O importante é establecer o diálogo da fe de xeito que a nosa acción apostólica leve a persoas e grupos á conversión, á fe en Xesús Cristo e á formación de pequenas comunidades cristiás.

3 De parroquia en parroquia

A misión evanxelizadora está marcada pola experiencia do éxodo e por unha forma de vida itinerante. Xesús que foi un misionero itinerante envía os seus discípulos nestas mesmas condicións: *Despois desto desginou o Señor outros setenta e dous, e mandounos de dous en dous por diante del a todas as vilas e aldeas onde tiña pensado ir (Lc 10,1).* A gran maioría dos membros do noso presbiterio diocesano ten confiadas un gran número de parroquias con tendencia a ir acumulando un número maior.

Esta nova conxuntura, que coincide co que en moitos círculos se considera unha nova era, está a ser un gran desafío non só para toda a Igrexa, senón moi especialmente para a nosa Igrexa diocesana e para o modo de exercer neste contexto a misión pastoral. Todos somos conscientes de que o modelo antigo é inviable e xa non nos serve. O viño novo ten que ser botado en odres novos (Lc 5,37-38).

Contemplamos a Xesús realizando a súa misión en itinerancia, pero xa indicamos que non se poden confundir itinerancia

con mobilidade. O itinerante ten un tempo de permanencia coa xente no lugar ao que vai; o que simplemente se move por diferentes sitios aparece puntualmente ou ocasionalmente. Esta forma de presenza non facilita establecer un tipo de relación, de comunicación que permita facer a proposta da fe cristiá e a construción e animación de verdadeiras comunidades cristiás nas nosas parroquias.

A maioría dos curas da nosa diocese andamos, especialmente na fin de semana, facendo rallys de parroquias para celebrar a Misa. En case toda a diocese Misa e enterros son os espazos fundamentais da acción pastoral. Decatámonos, por unha banda, que a gran maioría da nosa xente está sen evanxelizar. Moitos téñen unha certa sensibilidade relixiosa, pero no tocante á fe, ao seguimento de Cristo hai moita ignorancia, confusión e un sentido de pertenza á Igrexa moi débil e pouco convincente.

Despois de sesenta anos do concilio Vaticano II a configuración das nosas parroquias mudou ou evolucionou moi pouco. Segue campeando con forza o clericalismo, casi coma un pecado orixinal, que mantén a maior parte da xente afectivamente e efectivamente lonxe da parroquia e con moi pouca convicción de ser un membro activo e moito menos de ser comunidade e familia unida polo parentesco da fe. Se o cura non vai á parroquia normalmente non hai ningunha celebración.

O decrecemento do número de curas non permite asegurar a Misa dominical. Quizais forzados pola realidade a autoridade diocesana tata de responder á situación presente. Por unha banda, buscando unha nova estruturación a partir da creación e implantación das UaPs; e por outra, diminuíndo a frecuencia

da celebración da eucaristía reducíndoa a unha ou dúas veces ao mes. Pero estes cambios de organización e de frecuencia non implican o cambio verdadeiro da acción pastoral. Este é o verdadeiro desafío ao que quizais como diocese aínda non estamos respondendo. Non se ven iniciativas dunha pastoral misioneira que priorice a evanxelización, o primeiro anuncio e o nacemento de comunidaes cristiás. Sen embargo hai promoción doutras iniciativas que fomentan devocións e prácticas relixiosas propias do tempo da cristiandade que xa é pasado.

Estamos nunha verdadeira encrucillada e tamén poderíamos dicir que nun momento moi importante, o cal no desingnio de Deus é realmente un tempo de graza.

Certo que este é un tempo de conversión pastoral para os pastores da nosa Igrexa que forneza e faga máis viva a nosa fe e a nosa configuración con Xesús Cristo (EG 26-33).

O estilo e a forma de vivir o ministerio ten que renovarse de arriba abaixo. Isto descolócanos e prodúcenos inseguridade. É unha aposta arriscada e innegociable, inherente á nosa condición de presbíteros desta diocese, que ha de ser o froito maduro dunha fe viva que convive en nós, que somos homes de pouca fe. Trátase de percorrer camiños incertos e descoñecidos, deixándonos guiar polo Señor, aínda que sexan escuros, como nos recorda o profeta: *Farei camiñar os cegos por un vieiro que non coñecen, por corredeiras descoñecidas fareinos ir. Converterei diante deles a escuridade en luz, e as revoltas do camiño en estreitura. Estas cousas fareillas; si, non os abandonarei* (Is 42,16). Perante este ano e nos encontros de arciprestado quizais sexa conveniente ler, reler

e meditar esta palabra, que é viva e que nós temos que facer actual e operativa.

Todo este camiño hai que facelo xuntos, en comunión e sinodalidade, como tanto se repite hoxe. Todos temos que contribuir a trazar o perfil do párroco, predicador e testemuña do Evanxeo de Xesús Cristo na nosa Igrexa, que precisa dunha gran reforma e renovación. Quizais nós os presbíteros e tamén o bispo temos necesidade de cambiar o paso, se queremos afrontar realmente os retos do momento presente e as mensaxes que o Señor nos quere comunicar nesta situación complexa e inquietante de xeito que sexa unha graza e non unha desgraza.

Por isto mesmo neste mar revolto e de confusión non podemos dudar que o Resucitado ven facendo camiño e dándonos azos e alento para seguir: *Non teñades medo, son eu* (Mc 6,50).



Encontro 2º

A COMPAIXÓN E A CARIDADE PASTORAL

Xesús Cristo, o predicador itinerante, sae ao encontro da xente, mergúllase na súa vida, nos seus problemas e tamén nas súas alegrías. Dentro da súa condición itinerante, de alguén que non ten onde pousar a cabeza (Lc 9,58), mostra a súa preocupación e solicitude especialmente polas multitudes do pobo pobre e humilde.

Nós, os presbíteros da Igrexa local de Ourense, tamén fomos eleitos para realizar a misión evanxelizadora en itinerancia coma o noso Mestre e botar raíces de fondura e permanencia no medio da xente do noso pobo con quen recibimos o encargo de facer camiño.

1 A mirada de Xesús

As multitudes andan á procura de Xesús que fixo alumar a esperanza de cambio e de liberación no medio dun combate por sobrevivir, nunha sociedade marcada pola desigualdade e a opresión das élites sobre a inmensa maioría do pobo.

Imos facer o exercicio de contemplar o ollar de Xesús, o bo pastor, que ten entrañas de amor e misericordia ante tanta dor e desesperación. Xesús non vai á présa nin a súa ollada é superficial, senón que mira a realidade con calma e profundidade, de xeito que entra na interioridade das persoas, naquilo que é moi importante e que moitas veces está oculto ou agachado. A súa mirada non é unha simple observación ou unha fría información, senón unha mirada que ten a capacidade de crear relación,

encontro persoal e que compromete a súa vida. Cando está en Cafarnaúm e lle introducen un paralítico abrindo o tellado da casa, a mirada de Xesús vai moito máis alá do que percibe a xente. El ve a fe que tiñan os portadores do enfermo: *Xesús, vendo a fe que tiñan, díxolle ao telleito: Meu fillo, quédanche perdoados os teus pecados* (Mc 2,1-5). Xesús ve dúas cousas moi importante que se lle escapaban á multitude: a fe e os pecados.

Ve Xesús tamén a Leví, o publicano que exercía unha profesión que facía del un pecador público e que por esa razón era rexeitado e desprezado por todos. A mirada de Xesús, en troques, é creadora, portadora de vida onde parece que todo estaba perdido: *Ao pasar viu a Leví, o de Alfeo, sentado no telonio cobrando os tributos, e dille: Sígueme. El ergueuse e seguiu* (Mc 2,14). Xesús viu no pecador Leví madeira dun verdadeiro discípulo, que el escolleu para formar parte do grupo dos apóstolos que ían a continuar a misión que o Pai lle encomendou a El.

A mirada humilde e acollidora de Xesús contrasta coa mirada soberbia e fachendosa dos fariseos, como podemos aprezar no encontro de Xesús coa muller pecadora na casa de Simón o fariseo: *Vendo aquilo, o fariseo que o convidara dixo para si: Se este fose profeta, coñecería quen é, e que caste de muller é a que o está a tocar, unha pecadora* (Lc 7,39). Sen embargo, o profeta Xesús ve algo moi diferente, moi fermoso e admirable nunha muller marcada e desacreditada por aquela sociedade: *Volvéndose cara a muller, díxolle: Simón, ti ves esta muller? Entrei na túa casa, e non me deches auga para os pés, pero ela regoumos coas súas bágoas e secounos cos seus cabelos; non me deches o bico, pero ela desde que entrou non parou de bicarme os pés... por iso che digo: Moitos pecados se lle perdoaron, cando mostra tanto amor...* (Lc 7,44-48).

É pertinente que nós, como pastores, nos preguntemos cal é o noso xeito de mirar a vida da xente das nosas aldeas e parroquias, que fagamos aflorar á nosa conciencia o que vemos e como descubrimos a acción de Deus no camiñar da nosa xente. Vemos o que ve a maioría ou somos capaces, como Xesús, de ter unha mirada de amor, de compaixón que ve no escondido o que a mirada rápida e superficial da maior parte nunca pode descubrir?

E unha mirada de complicidade e de compromiso, de fonda implicación: *Pero, vendo a multitude, sentiu unha fonda compaixón por ela, porque estaban todos derreados e esmorecidos coma ovellas sen pastor* (Mt 9,36). Esta ollada de Xesús é a mesma do Bo Samaritano, pero non a de ver e torcer cara do levita e do sacerdote: *un sacerdote, ao velo, deu un rodeo e pasou de largo. Igual fixo un levita... Pero un samaritano, ao velo, tivo compaixón; e achegándose a el curoulle as feridas con aceite e viño e vendoullas... levouno a unha pouxada e coidouno* (Lc 10,31-35).

A mirada e a reacción dos apóstolos ante a multitude, que tiña fame á deshora, achégase á dos dous clérigos da parábola: *aquí non hai casas e xa pasa moito da hora: vai ser mellor que os despedas, para que vaian ás aldeas veciñas, e merquen algo que comer* (Mc 6,35-36). Os apóstolos daquela carecían da compaixón que mostraba o seu Mestre, coidando que iso estaba lonxe das súas posibilidades e que eles non dispoñían de medios nin podían facer nada para alimentar a tantos. Xesús pola contra ten entrañas de tenrura e compaixón pola multitude.

Como é a nosa mirada de pastores sobre todo o que rodea a vida da nosa xente? Podemos preguntarnos se nós nos paramos

a mirar e tamén que é o que nós vemos e descubrimos. Quizais nós mesmos teñamos que educar ben a mirada para poder ver no profundo, no interior, como Xesús viu o que había no interior dos que portaban o paralítico: vendo a fe que tiñan.

2 O bo pastor é compasivo e misericordioso

Este título é un dos que máis se utiliza no Antigo Testamento para achegarnos ao misterio do amor e da gratuidade de Deus. O Papa Francisco retomouno no inicio do seu Pontificado, para mostrar que a misericordia e a graza de Deus teñen a virtualidade de recrear e de salvar o mundo que está sometido a grandes ameazas.

A misericordia e a compaixón de Deus pola humanidade brillan en Xesús Cristo cunha intensidade moi forte, que nós temos que reflectir no exercicio do ministerio pastoral.

Xesús Cristo o bo pastor reflicte con toda nitidez a compaixón e a misericordia de Deus. No discurso das benaventuranzas recorda o que xa anunciara o profeta Oseas mostrando quen é Deus e que quere de nós: *Ide, pois, aprender o que significa aquilo de misericordia quero e non sacrificios. Porque non vin chamar polos xustos, senón polos pecadores* (Mt 9,13). A parábola do pai misericordioso (do fillo pródigo) mostra con toda claridade os trazos do amor e da tenrura de Deus cos pecadores e cos últimos, que Xesús incorporou e realizou nos encontros cos pobres e cos pecadores (Lc 15,11-32).

Nalgunhas accións de Xesús a súa mirada profunda, que ve o interior da persoa, vai acompañada inmediatamente da compaixón e da misericordia. A compaixón é a comunión e o acom-

pañamento nos sufrimentos deixándose interpelar e afectar por eles.

Xesús ve a multitude extraviada, coma ovellas que non teñen pastor e tivo unha fonda compaixón. Xesús reaccionou e deixouse afectar e implicar pola xente, pola situación difícil e crítica que estaba a pasar: *Pero vendo a multitude, sentiu unha fonda compaixón por ela, proque estaban todos derreados e esmorecidos coma ovellas sen pastor* (Mt 9,36). Xa citamos este mesmo texto referido á mirada de Xesús, agora citámolo de novo, pero reparando na compaixón, na comunión nos padecementos da xente. Velaquí un elemento fundamental do ministerio pastoral que fai que sexa realmente evanxelizador e Boa Nova liberadora.

Esta compaixón caracteriza a misión evanxelizadora de Xesús Cristo. As parábolas do Bo samaritano e da ovella perdida son un bo retrato do mesmo Xesús. El é realmente o bo samaritano e o pastor que busca a ovella extraviada: *Quen de vós, se ten cen ovellas e perde unha delas, non deixa as noventa e nove no descampado, e vai en busca da perdida, a ver se a atopa? E cando a atopa, volve todo contento para a casa, con ela no lombo; e, chamando por amigos e veciños, dilles: alegrádevos comigo, que atopei a ovella que perdera!* (Lc 15,4-6). A versión de Mateo conclúe o mesmo relato subliñando a compaixón e a misericordia de Deus que se fai transparente en Xesús Cristo: *Do mesmo xeito, a vontade do voso Pai celestial é que non se perda ningún destes pequenos* (Mt 18,14). Como temos asimilado nós esta inquietude e esta preocupación propias dun verdadeiro pastor?

Os enfermos, os pobres, os pecadores encontraron en Xesús estas entrañas de compaixón e de misericordia. E polo mesmo

acuden a el pedíndolle que se mostre con eles coma unha persoa chea de compaixón e de misericordia. Ten compaixón das multitudes que están pasando por situacións penosas e difíciles, como xa indicamos (Mt 9,36; 14,14; 15,32). Pobres, enfermos e endemoniados piden a Xesús misericordia: Xesús, Fillo de David, ten misericordia de min (Mc 10,47-48; Mc 1,41; 5,19; 9,22).

A compaixón e a misericordia han de inspirar e nutrir a vida apostólica do presbítero discípulo de Xesús Cristo. O verdadeiro pastor ten dó e compaixón do seu rabaño, das súas parroquias cada vez máis precarias, abandonadas e desprotexidas en todos os campos: familiar, social, cultural, administrativo e tamén eclesial e relixioso. Os presbíteros e párrocos moitas veces podemos experimentar a tentación de non pasar de ser contratados ou funcionarios (Xn 10,11-15).

O Bo pastor faise presente entre a súa xente, para poder coñecer de preto as mágoas, as preocupacións, os temores dunha gran parte da nosa poboación de moita idade, que vive soa e illada, con saúde precaria... Outros están aparcados nas residencias, quizais mellor coidados nas súas necesidades primarias, pero tamén necesitados de afecto, de cariño, de visitas que cada vez son máis raras. Como pastores é moi importante que visitemos e acompañemos a nosa xente que está pedindo visitas, atencións, compañía... pero non abonda con iso. O párroco debe impulsar e implicar aos membros da parroquia a garantir as visitas, o acompañamento e calquer outro servizo que se precise.

Xesús ten compaixón da multitude famenta e extraviada, pero non se contenta con procurarlles pan, senón que lles fai ver

que precisan un alimento máis fundamental e necesario para vivir, para camiñar e mesmo para procurar o pan de cada día: *El, conmovido, porque eran como ovelas sen pastor, púxose a predicar ensinándolles moitras cousas* (Mc 6,34). Xesús non só repartiu o pan, senón que en primeiro lugar predicou e ensinou. Nós somos conscientes de que a nosa misión é o anuncio do Evanxeo, a proposta da fe en Xesús Cristo. Somos apóstolos e non simples asistentes sociais. Non pasamos de longo ante as necesidades primarias, pero tampouco esquecemos que hai outro alimento que temos que procurar e servir (Xn 6,26-27).

A configuración con Xesús Cristo que nace do bautismo e que se reafirmou pola graza do ministerio ordenado lévanos a coidar tanto na vida de fe como na acción pastoral a compaixón e a misericordia que se ten que traducir en plans de acción e en obras concretas. O primeiro paso lévanos a pedir este don da compaixón e a coidalo e nutrilo no exercicio do ministerio: pedir a Deus que suscite en nós uha gran compaixón cos pobres e cos pecadores. Aquí está o fundamento da caridade, pois sen compaixón espiritual non faremos nada. Non podemos esquecer que moi frecuentemente somos tentados ao endurecemento porque somos conscientes de que a compaixón nos disinstala e nos reclama atención e entrega desinteresada e gratuita.

Admiramos en Xesús Cristo este sentimento de compaixón, de tenrura que se apodera del cando ve os nosos males, que lle producen arrepío e turbación dos que brota o amor gratuito. Aquí atópase o fundamento da caridade. Os que se quedan fríos e insensibles ante as difrentes clases de males, non poden ter caridade.

A compaixón, como acabamos de mostrar, está unida á caridade e en nós, os presbíteros, á caridade pastoral.

3 A caridade pastoral

O outro eixo fundamental da formación permanente do presbítero é a caridade pastoral, que, como acabamos de indicar, está moi ligada á compaixón, a un amor que comparte os sufrimentos do pobo activamente para avanzar e medrar.

A compaixón de Xesús Cristo é a que nos permite ver e descubrir como a ten que vivir o presbítero e como ha de marcar o seu ministerio. Algo semellante acontece coa caridade pastoral. Comezamos por vela e contemplala en Xesús Cristo de quen nos ven a luz para nós.

O concilio Vaticano II considera a caridade pastoral como o principio unificador da vida do sacerdote, en canto que el pola ordenación está configurado con Xesús Cristo, cabeza e pastor da Igrexa (PO 14).

A caridade pastoral do presbítero ten a súa fonte e a súa inspiración na caridade pastoral de Xesús Cristo, o Bo Pastor. A vida de Xesús Cristo como a vida do presbítero está configurada pola proexistencia, pois Xesús non viviu para sí, senón para Deus Pai e para cumprir o seu designio de salvación para a humanidade: *Que o Fillo do home non veu a que o sirvan, senón a servir, e a dar a súa vida en rescate por moitos* (Mc 10,45). O ser de Xesús, como entrega de si mesmo, ven ser un prescindir de si mesmo e un ser-por, é dicir, un ser “en favor de”. A caridade pastoral sitúanos no dinamismo pascual de kénose-exaltación, de morte-vida.

A alegoría do Bo Pastor (Xn 10) mostra un bo retrato da caridade pastoral de Xesús, que se coroa na última Cea, na entrega da súa vida no Calvario e culmina na resurrección (Xn 13). O Bo pastor dá a súa vida polas ovellas, dálles vida de abondo, dáse en alimento. O bo pastor non vive para si mesmo. El ama gratuitamente ata o extremo, ata dar a vida: *Sabendo Xesús que chegara a hora de pasar deste mundo para onda o Pai, e xa que amara os seus que estaban no mundo, amounos ata a fin* (Xn 13,1; 15,13).

San Paulo seguiu fielmente a Xesús no exercicio da caridade pastoral que alimentou a súa paixón pola evanxelización e por formar e soster verdadeiras comunidades cristiás. El pode facer un alarde humilde do seu amor que é verdadeira caridade, é dicir, amor totalmente gratuito que só busca facer máis forte a comunidade: *Xa estou preparado par ir por terceira vez onda vós, e tampouco agora vos serei gravoso, que eu non busco as vosas cousas: eu búscovos a vós... con gusto me gastarei e desgastarei polas vosas vidas. Pero, por querervos eu máis da conta, ídesme vós querer menos?* (2 Cor 12,14-15).

Velaquí un camiño aberto, atractivo e seductor para vivir a caridade pastoral na que se atopa o principio dinamizador do ministerio condensado nestas dúas expresións: “amor ata a fin” e “querervos máis da conta”.

A caridade pastoral unifica ou dálle unidade á vida do presbítero. Isto é moi importante, e máis neste momento, que se caracteriza por unha gran fragmentación e unha grande dispersión co grande risco de caer na superficialidade ou en andar en moitas cousas sen abordar en serio ningunha.

O Concilio Vaticano II móstranos que a caridade pastoral brota da unión e configuración con Xesús Cristo: *Os presbíteros conseguirán a unidade da súa vida uníndose a Cristo no coñecemento da vontade do Pai y na entrega de si mesmos a favor do rabaño que lle foi confiado a eles* (PO 14). Trátase de facer a unidade de vida coitando a unión con Cristo pola fe e a misión apostólica. Isto é a caridade pastoral que se alimenta e fortalece na eucaristía, facendo que toda a vida e o ministerio sexan realmente eucarísticos: *Esta caridade pastoral brota do sacrificio eucarístico... polo que o sacerdote esfórzase por aplicar a si mesmo o que se realiza no altar do sacrificio* (PO 14).

Neste amor e neste entrega á comunidade atopa tamén a súa fonte e o seu gozo o celibato como expresión dun amor total que se dá gratuitamente para facer comunidade e familia. A unión e comunión con Cristo facéndonos coma El pan eucarístico e doazón total crea lazos de fraternidade e comunión dun xeito especial cos irmáns do presbiterio, con quen nos une o único ministerio de Xesús Cristo do que todos participamos. El impúlsanos a realizar unha pastoral misioneira que cree verdadeiras comunidades fraternas: *A caridade pastoral esixe que os presbíteros traballen sempre en comunión cos seus bispos e cos demais irmáns no sacerdocio para non correr en balde* (PO 14).

A Caridade Pastoral é sen dúbida o nervio que sustenta e dá vida ao presbítero no exercicio do ministerio e da misión. Podemos dicir que unifica no mesmo amor oración e misión, Xesús Cristo e o pobo de Deus. A exhortación Pastores Davo Vobis recolle dimensións e aspectos de PO 14, que amplía e descende quizais a actitudes e prácticas un pouco máis concretas. A caridade pastoral é o principio que anima e guía a vida espiritual

do presbítero. A vida espiritual non se pode separar da vida pastoral, pois vivir segundo o Espírito é vivir para a misión. Por isto é claro que a Caridade pastoral produce a unidade de vida. O contido esencial da caridade pastoral é a doazón de si, a total doazón de si á Igrexa compartindo o don de Cristo e facéndoo ao xeito de Cristo (PDV 23). Esta doazón por parte do sacerdote ten un carácter total e esponsal que hai que manter e renvoar cada día. A súa vida é para Cristo e para a Igrexa. Esta é a súa razón de ser e de vivir.



Encontro 3º

ENVIADOS DE DOUS EN DOUS

Son eu, non teñades medo (Mc 6,50). Este é o final do capítulo seis que ven a coroar todo un camiño de peripecias polas que pasan Xesús e os apóstolos no exercicio da misión. Despois de pasar por tantos traballos, por crises, por grandes desafíos, pola presión e o sufrimento da xente, pola predicación do reinado de Deus, polo cansazo e situacións de naufraxio na vida, a voz e a presenza de Xesús son luz, forza e alento: *son eu, non teñades medo*.

O capítulo seis de Marcos é o da misión dos apóstolos. O que antecede e o que ven despois son posiblemente situacións, desafíos, opcións coas que dun xeito ou doutro nos imos atopar na vida pastoral todos e cada un de nós.

Os paisanos de Xesús mostran a incredulidade e a indiferenza ante o evanxeo; algo que nos resulta familiar no noso contexto social e eclesial. Despois da primeira misión Xesús busca espazos para compartir, discernir, revisar xuntos a misión realizada. As multitudes do pobo que presentan tantas necesidades e problemas moi gordos buscan o alimento e a subsistencia, o pan de cada día. Camiñar polo mar evoca a tormenta, a crise, o medo que moitas veces asalta e paraliza os pastores, que precisan alento e facer medrar a pouca fe tomando conciencia de que o Señor resucitado está con eles.

A nosa reflexión, a nosa contemplación e o noso estudio ímolo centrar no anuncio do Evanxeo do Reino, pero contextualizado nas situacións que acabamos de nomear e que están con-

tidas nas distintas perícopas que compoñen este capítulo seis do evanxeo de Marcos. Un contexto e un marco semellantes atopamos nós hoxe tamén na misión de anunciar o Evanxeo neste momento dentro da nosa diocese.

1 O ministerio de ensinar: a catequese

Xesús comeza indo á súa vila e frecuentando os lugares onde ía a xente a escoitar a palabra. Así no día do *sábado*, *empezou a ensinar na sinagoga* (Mc 6,2). A reacción da xente é dispar como acontece tamén hoxe entre nós. Unha parte mostra unha grande admiración e outra moita desconfianza e escepticismo ante un paisano que coñecen ben e que non tiña títulos que mostrar: *De onde lle veñen a este todas estas cousas? Que sabedoría é esa que lle ensinaron, e como pode facer tantos milagres pola súa man?... Estaban realmente escandalizados* (Mc 6,1-4; Lc 4,20-24).

Xesús tópase con algo que van verificar os apóstolos xa na súa primeira misión e co que tamén nos atopamos nós tanto na predicación coma nos pequenos procesos formativos que tentamos iniciar con algúns grupos: a incredulidade, as resistencias ou a falta de fe que se respira nos nosos ambientes, moitas veces tamén entre a xente que frequenta a Igrexa: *estaba sorprendido por aquela incredulidade. E dedicouse a andar polas aldeas dos arredores, ensinando* (Mc 6,6).

Podemos mirarnos no espello de Xesús para a realización da misión evanxelizadora. Por unha banda, vemos que Xesús lle dá prioridade ao ministerio de ensinar e de instruír, e pola outra, ten unha presenza itinerante percorrendo pobos e aldeas e saíndo ao encontro da xente. Este estilo e modelo de realizar o mi-

nisterio que vemos en Xesús é o que nós tamén estamos chamados a realizar hoxe. Posiblemente non sexa necesario repetilo ao pé da letra, senón traducilo á nosa realidade concreta pero sen perder o seu espírito.

A misión de ensinar é fundamental e prioritaria na misión de Xesús e dos apóstolos. Non se trata dunha actividade académica ou escolar, senón que ten como obxectivo establecer unha relación persoal, facer discípulos que seguen ao seu Mestre identificándose con El en todo. Por isto mesmo este ministerio é tan fundamental en Xesús, quen é recoñecido e identificado como Mestre.

Xa indicamos como neste relato de misión aparece varias veces o ministerio de ensinar. Os mesmos apóstolos, como logo imos subliñar, réunense con Xesús para contarlle o que fixeran e ensinaran (Mc 6,30). E de seguido o Mestre atópase ante unha gran multitude que o segue ata a extenuación e sérvelle antes de todo o alimento das súas ensinanzas, é dicir, busca facelos discípulos: *Así, cando desembarcaron, atopouse cunha gran multitude. El, conmovido, porque eran coma ovelas sen pastor, púxose a predicar ensinándolles moitas cousas* (Mc 6,34). A fame máis fonda que descubre Xesús no pobo pobre e humilde é o descoñecemento de Deus e a falta de fe, por iso o primeiro que hai que facer é ensinar, catequizar. Os nosos pobos e parroquias están na mesma situación. A ignorancia relixiosa está moi estendida. Os procesos catequéticos que se siguen nas parroquias e as clases de relixión apenas están contribuíndo a un coñecemento do que comporta a fe cristiá e o misterio de Cristo. A inmensa maioría dos nosos cristiáns nunca colleron nin teñen a Biblia nin saben manexala.

O mandado misionero do final do Evanxeo de Mateo mostra como o Resucitado lles encomenda aos apóstolos a misión de ensinar, de facer discípulos: *Ide pois, e facede discípulos meus a todos os pobos, bautizándoos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo; ensiandolles a gardar canto vos mandei. Aegúrovos que eu estarei sempre convosco ata a fin do mundo* (Mt 28,19-20). Velaquí un gran desafío e sen dúbida o primeiro traballo pastoral que os presbíteros da Igrexa local de Ourense temos que emprender con urxencia. Ensinar e facer discípulos de Xesús Cristo. Facer discípulos de Xesús Cristo é sen dúbida a gran necesidade da nosa Igrexa. Por isto a catequese, a formación dos nosos cristiáns ten que ser o eixo transversal de toda a acción pastoral e ao mesmo tempo un ministerio a coidar e a privilexiar.

Abrir camiños a este ministerio, facer propostas de formación que sexan unha verdadeira iniciación á fe, a tomar conciencia da vocación bautismal, tomar a decisión de seguir a Xesús Cristo, non é un camiño fácil de iniciar nin de aceptar. O Mestre Xesús xa llo anuncia e fai ver ao grupo dos Doce: *O que non carga coa súa cruz e me segue, non pode ser discípulo meu* (Lc 14,27).

A misión pastoral nas nosas parroquias e unidades pastorais ten que ter como centro e como obxectivo formar cristiáns, facer discípulos de Xesús Cristo. Este é o camiño que hai que percorrer para chegar a formar verdadeiras comunidades e construír unha Igrexa de pedras vivas. Camiñar nesta dirección supón un cambio radical no noso ministerio. O centro non ha de estar no culto, senón no ministerio da Palabra, no anuncio de Xesús Cristo, na catequese non só infantil ou presacramental, senón no que poderíamos chamar un catecumenado permanente, pois os lei-

gos, as xentes das nosas parroquias han de seguir, como tamén os presbíteros, un plan de Formación Permanente.

Isto non é nada doado e esixe nos pastores unha conversión na forma de exercer o ministerio. Teremos a audacia de buscar e de abrir camiños novos para que o Evanxeo arraigue no corazón das nosas xentes e experimenten que é realmente unha Boa Nova liberadora? A inercia de tantos anos ou incluso de séculos no que todo se reduciu á Misa, enterros e pouco máis, preséntanos o gran desafío de propor algún itinerario de formación que faga saltar a chispa da fe, que nos vaia configurando á imaxe de Xesús Cristo para ser os seus verdadeiros discípulos.

A misión de facer discípulos de Xesús Cristo comporta para os pastores a total configuración con Xesús Cristo, a renovación cada día da condición de discípulos de Xesús, de xeito que neles se reflexe e se faga transparente a persoa do Mestre no interior das comunidades: *Abóndalle ao discípulo chegar a ser coma o seu Mestre; e ao servo coma o seu Señor* (Mt 10,25). Os presbíteros, que son apóstolos tamén, son discípulos e han de coidar a vida de discípulos que os capacite para ser apóstolos e testemuñas de xeito que moitos poidan asomarse ás portas do coñecemento e do seguimento de Xesús Cristo. O discípulo ten que coidar e procurar alimentarse coa palabra e a fe en Xesús Cristo para poder servir logo ese mesmo alimento na súa misión apostólica: *Por iso todo letrado que se fai discípulo do Reino dos Ceos parécese ao dono dunha casa que saca das súas arcas o novo e máis o vello* (Mt 13,52).

Velaquí un gran reto e ao mesmo tempo unha gran paixón para o verdadeiro apóstolo de Xesús Cristo, a mesma paixón

que S. Paulo deixa ver no seu ministerio: *Ai, meus filliños! Que me volven aguillar as dores de parto por vós, ata que Xesús Cristo sexa formado en vós!* (Gal 4,19). Que Cristo se forme nos cristiáns, que as xentes das nosas parroquias teñan a forma de ser de Cristo ha de ser realmente o eixo principal da nosa misión. O ministerio de ensinar, de catequizar ha de vertebrar hoxe a vida de cada presbítero e a planificación pastoral da diocese. Este camiño de renovación, que non admite demora, non se fai en solitario, senón unindo forzas con outros, camiñando xuntos no mesmo empeño, como nos recorda o Concilio Vaticano II: *Ningún presbítero pode realizar ben a súa misión de forma illada e individualista, senón xuntando as forzas con outros presbíteros baixo a dirección dos que presiden a Igrexa* (PO 7).

2 Enviounos de dous en dous

A Evanxelización non é unha tarefa individual, senón comunitaria, pois é a comunidade quen evanxeliza e non unha persoa, que no noso caso sería o presbítero. Toda a Igrexa é evanxelizadora e a Igrexa existe para evanxelizar (EN 14). Cando o sentido comunitario é frouxo ou cando as parroquias non chegan a ser comunidades cristiás, entón a evanxelización está case sen facer e quizais haxa que comezar polo primeiro anuncio en lugares onde a Igrexa se fixo presente hai xa moitos séculos, como é o caso da nosa diocese.

Os evanxelistas concordan en que a misión que Xesús lle encomenda aos seus seguidores é comunitaria e subliña esa dimensión que aparece acentuada en todos os discursos de misión, tanto os situados ante da Pascua coma os postpascuais.

O evanxalista Marcos xa anuncia isto na elección do grupo dos Doce aos que lle encomenda a misión de predicar. Antes de presentar a lista dos Doce indica o motivo e a finalidade da elección: *Logo designou doce para que o acompañasen, e para mandalos a predicar* (Mc 3,14). O mesmo Marcos no relato do primeiro envío dos Doce marca ben o acento comunitario cando afirma que os enviou de dous en dous: *Entón chamou os Doce, e empezou a mandalos de dous en dous, dándolles poder sobre os espíritos malos* (Mc 6,7). Lucas recolle a mesma referencia de Marcos no envío dos setenta e dous aos que envía tamén de dous en dous, mostrando que a misión de anunciar o evanxeo é comunitaria, é dicir, obra da comunidade cristiá: *Despois disto designou o Señor a outros setenta e dous, e mandounos de dous en dous a todas as vilas e aldeas onde tiña pensado ir* (Lc 10,1).

Os mandados misioneiros despois da Pascua teñen o mesmo cariz. Xesús encoméndalle a misión ao grupo dos Once, é dicir, ao colexio dos apóstolos, a primeira comunidade de discípulos arredor de Xesús: Mateo subliña, como xa apuntamos a dimensión de facer discípulos como parte prioritaria da acción evanxelizadora (Mt 28,19). Marcos o anuncio do Evanxeo a todas as nacións (Mc 16,15). Lucas sitúa o envío en misión aos once no contexto dunha comida, da eucaristía no que subliña a dimensión do testemuño (Lc 24,41-49). Pero nos feitos dos apóstolos antes do acontecemento de Pentecostés, onde comeza a misión apotólica, o evanxalista inclúe a lista dos once apóstolos (Feit 1,13-14).

A experiencia apostólica de Paulo subliña tamén a dimensión colexial e comunitaria da misión evanxelizadora. A primeira misión aos xentís son enviados pola comunidade Saulo e Ber-

nabé (Feit 13,2-3). Paulo é moi consciente de que a súa misión apostólica non é unha iniciativa individual que él realiza por si mesmo. Repetidas veces acude a dialogar e a discernir cos apóstolos todo o labor apostólico que él está realizando, de xeito que todo se faga garantindo a comunión baixo o impulso do Espírito: *Andando o tempo, á volta de catorce anos, subín outra vez a Xerusalén, levando tamén comigo a Tito... Daquela a porta pechada sometín o Evanxeo que predico aos non xudeus, ao xuízo dos gran algo, non fose que estivese correndo ás toas* (Gal 2,1-2). Podemos reparar na gran cantidade de apóstolos e compañeiros que asocia Paulo á súa misión apostólica.

Mirando a nosa realidade vemos que temos que abrir camiños para facer abrollar ou reverdecer esta dimensión comunitaria da evanxelización e de toda a acción pastoral na nosa diocese. Por unha banda está o traballo comunitario e asociado dos presbíteros nas diferentes instancias nas que estamos vivindo o ministerio. O noso traballo conxunto de reflexión, de discernimento, de acción pastoral ten que ter moito máis peso na vida de cada día. A maior parte dos arceprestados teñen unha vida moi débil e quizais con moi pouca incidencia na vida das parroquias e dos párrocos. Algo semellante podemos dicir das UAPS, que nunha gran parte son un cambio de nome, pero que semella aínda un terreo a monte que hai que cabar.

O outro gran desafío é facer que as nosas parroquias cheguen a ser comunidades evanxelizadoras, pois é a comunidade enteira a que evanxeliza e non só o cura. Aquí estase a xogar o futuro da Igrexa na nosa diocese. Sen comunidade non hai evanxelización, non hai formación de verdadeiros cristiáns e non pode haber vocacións ao sacerdocio nin á vida consagrada. O indivi-

dualismo pastoral ten o risco de paralizar todo proxecto de renovación da mesma pastoral, pois a alma de toda renovación eclesial é a comunidade. O que non pasa a través da comunidade, ou non é apoiado por ela nin conduce a a vivir unha comunión máis plena, nin pode ter unha vida duradeira.

Amedeo Cencini, un especialista en Formación Permanente e en pastoral vocacional afirma isto que a pastoral ordinaria e a pastoral vocacional debe reflexionar: As vocacións que non son xeradas pola comunidade son vocacións “extrauterinas”, nadas de modo artificial e... non permitido pola Igrexa, que anunciarán un evanxeo artificial².

Velaquí un campo ben importante da nosa acción pastoral que precisamos coidar e traballar. A fe vívese e transmítese en comunidade. No seo da comunidade prodúcese o acto de fe, o coñecemento de Xesús Cristo e constrúese a Igrexa como edificio de pedras vivas. Por iso hoxe no contexto de ignorancia e indiferenza relixiosa é necesario facer o primeiro anuncio, o kerygma, que sexa a porta aberta a acoller e a vivir conforme á Boa Nova do Reino de Deus.

3 O Anuncio do Reino de Deus

Nas nosas parroquias e moi especialmente nas xeracións de mediana idade para abaixo seguramente que nos temos preguntado moitas veces que coñecemento ten este colectivo tan amplo da persoa de Xesús Cristo ou que importancia ou que referencia ten nas súa vidas.

² A. CENCINI, *Fraternidad en camino*, Santander (2000), p. 29.

Nos relatos de misión Xesús indícalle aos apóstolos unha prioridade, que é o anuncio do Evanxeo do Reino de Deus, é dicir, Deus reina no corazón das persoas e no corazón do mundo. Isto é o primeiro, os outros elementos da evanxelización son o froito deste anuncio que é un acontecemento. Xesús nos relatos de misión prepascual pón como prioritario o anuncio do Reino. O discurso de misión de Mateo fai moitas indicacións, pero subliña isto: *E mentres camiñades proclamade que xa chega o Reino dos Ceos* (Mt 10,7). Marcos fala de *predicar a conversión* que vai unida tamén á fe e a acoller o Reino de Deus (Mc 6,12; 1,14-15). Os dous relatos de misión de Lucas recollen a mesma recomendación: a misión dos Doce: *e mandounos a predicar o Reino de Deus e a sandar enfermidades* (Lc 9,2). Isto mesmo aparece tamén no envío dos setenta e dous: *sabede que xa chega o Reino de Deus* (Lc 10,8-11).

Paulo é moi consciente de que recibiu a misión de anunciar o Evanxeo: *Porque non me mandou Cristo a bautizar, senón a predicar o Evanxeo* (1 Cor 1,17). Paulo anuncia a Xesús Cristo. Esa é a súa misión e o seu gran traballo: *Nada pretendín saber entre vós, fóra de Xesús Cristo e Cristo crucificado* (1 Cor 2,2). Paulo recibiu esta misión do mesmo Xesús Cristo e isto forma xa parte do seu ser, da configuración da súa persoa: *Porque o mero feito de predicar o Evanxeo non é para min gloria ningunha; é unha necesidade que teño enriba de min. Pobre de min se non predico o Evanxeo!* (1 Cor 9,16).

Podemos revisar como a predicación do Evanxeo está a ser o eixo e o corazón do noso ministerio... Este ha de ser o traballo principal e tamén o que máis temos que coidar e privilexiar. Posiblemente estamos a facer moitas cousas, pero é importante darlle prioridade ao que é o principal. Sabemos que non é nada

fácil hoxe a predicación. Ben veces a xente mostra as súas reticencias e moitas veces o rexeitamento á nosa predicación; outras desconecta automaticamente do que nís dicimos. Insiste en que sexamos breves. Dez minutos de predicación parécenlle media hora... Teriamos que traballar máis este aspecto, tanto as resistencias da xente como os contidos, a pedagogía, a linguaxe e a preparación pola nosa parte.

Nun contexto de secularización, de indiferenza e ignorancia relixiosa hai que primar o ministerio da palabra, o anuncio do Evanxeo, a formación de discípulos. Isto require novas iniciativas pastorais e ofrecer propostas que vaian máis alá da celebración de misas con máis ou menos frecuencia. É necesario o contacto directo e frecuente coa Palabra de Deus, a formación de grupos que cheguen a ser pequenas comunidades onde se viva e alimente a fe. Sabemos que as romarías ou as grandes concentracións en santuarios normalmente non garanten a iniciación á fe nin a personalización da mesma. Poden favorecer a sensibilidade relixiosa. Isto é importante, pero non abonda.

A fe é un proceso que se vive e se coída cada día, e non simplemente en certas datas do calendario. Por isto mesmo a evangelización impúlsanos a ser creativos o que esixe tamén un traballo de planificación e de reflexión que temos que realizar xuntos. Velaquí o que recomenda sobre isto a *Congregación para o Clero: Se a parroquia non vive o dinamismo espiritual propio da evangelización, corre o risco de facerse autorreferencial e de esclerotizarse, propondo experiencias desprovistas de sabor evanxélico e de impulso misionero* (17). Nós recollemos para o noso ministerio a recomendación que lle fai Paulo a Timoteo: *Mentres non chego, dedícate á lectura, á exhortación, ao ensino* (1 Tim 5,13).

Encontro 4º

ANDANDO POLO MAR E A ESCURIDADE DA FE

A profunda riqueza do capítulo sexto de Marcos que se inicia coa misión e a súa complexidade, a procura do alimento para a multitude con todo o trafego que orixinou para o ministerio dos apóstolos conclúe con Xesús camiñando sobre o mar. Este capítulo é un bo cadro de referencia para o noso ministerio de presbíteros no que estamos chamados a deseñar e plasmar o seguimento de Xesús Cristo e a misión apostólica e evanxelizadora. Abrir camiños polo mar parece un imposible e evoca o paso do Mar Roxo polos israelitas no duro camiño do éxodo que conduce á travesía polo deserto, deixando atrás a dura escravitude e embarcándose no combate da verdadeira liberación, da salvación que Deus ten reservada para o seu pobo, para toda a humanidade.

Andar polo mar semella un imposible. Quizais é isto mesmo o que comporta a misión da Igrexa, o anuncio e a chegada do Reino de Deus como alternativa ao mundo e o sistema vixente, que nos interpela e nos move a a correxir esa posición fatalista reflectida nesta frase que se repite con tanta frecuencia: isto é o que hai. O Señor e a forza da fe dinnos que este mundo pode ser configurado e recreado doutro xeito e o mesmo podemos dicir da nosa Igrexa e das nosas parroquias, cando se acepta a chamada de Deus ou se entra na dinámica do Reino, tal como o anxo lle anuncia a María e o mesmo Xesús aos apóstolos: *que para Deus non hai imposibles (Lc 1,37); o que para os homes é imposible, é posible para Deus (Lc 18,27).*

A conxuntura que estamos atravesando na nosa Igrexa demanda un cambio radical na súa configuración e na súa organización. A Igrexa precisa abrirse á acción credora do Espírito que fai novas todas as cousas, para darlle un rostro novo de presentación na sociedade de hoxe, que vemos hoxe alonxada ou indiferente á novidade do Evanxeo e á misión da Igrexa. Velaquí o imposible que temos que mudar en posible a través da nosa misión alimentada a través da Formación Permanente, que non se reduce a un encontro mensual, senón a unha dispoñibilidade interior que nos modela e nos proporciona a forma de ser de Xesús Cristo. A Formación Permanente é unha graza que ven do alto cada día, un don cotidiano, infalible e providencial.

1 O simbolismo do mar

Na revelación bíblica o mar é un elemento recorrente con un simbolismo moi rico e diverso.

O mar encerra un misterio, unhas forzas ocultas que escapan ao control dos humanos e que mostra moitas veces a fragilidade e mesmo a indefensión do home ante esas forzas ambivalentes.

O libro da Xénese xa anuncia a acción creadora de Deus dándolle forma á terra dentro do caos inicial pola acción do Espírito que infunde vida nas augas. Isto alude xa ao paso do Mar Roxo polo pobo escravo en Exipto que camiña cara a liberdade a través do mar. E neste mesmo cadro podemos tamén contemplar o paso de Xesús camiñando na noite polo mar de Galilea ao encontro dos discípulos en momentos dunha gran dificultade (Mc 6,45-53).

O mar, neste mesmo senso, evoca a creación. Non só as orixes do mundo ou do universo, senón a creación como o paso do caos á plenitude, da escravitude á liberdade, da inxustiza á xustiza en cada momento da historia. Andar polo mar quere dicir pisar e vencer as forzas do mal que aterrorizan a tantos pobos e a tantas xentes para facer nacer un novo mundo, unha nova humanidade reconciliada, en harmonía que constrúe a paz e a fraternidade.

O fenómeno do diluvio ten este mesmo senso que anuncia unha nova creación, o nacemento dun mundo novo e dunha humanidade nova, que pasa por destruír o mal e por mostranos que para ter vida plena hai que pasar pola morte. É a dinámica morte-vida.

O mar ten un marcado simbolismo pascual. Aparece moi claro no éxodo do pobo de Israel, que comporta a morte e o fundimento do imperio exipcio e a salvación e a liberdade para o pobo de Israel, unha pequena etnia marxinal e practicamente insignificante nos pobos daquela contorna. O paso do mar e o camiño polo deserto van unidos aos pans ácidos para comer o año pascual e ao maná que é pan que Deus dá o pobo peregrino polo deserto. A beira do mar Xesús vai repartir o pan á multitude anunciando logo que el mesmo é pan de vida, o pan que baixou do ceo (Xn 6).

O relato de Xonás ten tamén este marcado acento pascual que se estende máis alá das fronteiras de Israel. O dinmismo morte-vida aparece fortemente marcado. O mar que traga por tres días a Xonás e logo devólveo cheo de vida para realizar unha misión,

simboliza e anuncia tamén o paso de Cristo da morte á resurrección despois de permanecer tres días na terra (Mt 12,38-42).

Xesús andando polo mar na escuridade da noite reflicte o misterio da súa pascua, o señorío e a victoria sobre as forzas do mal e o alumeamento dunha vida nova e plena pola resurrección. Neste contexto de victoria e de triunfo contéplase a nosa inserción en Cristo polo Bautismo e a elección para a misión apostólica a través do carisma do ministerio ordenado.

A misión que se nos confiou tamén está encadrada na obra da creación e no dinamismo do misterio pascual que renovamos cada día na celebración da Eucaristía e na construción de verdadeiras comunidades cristiás que forman a Igrexa de Cristo feita de pedras vivas. O mar evoca os camiños da misión coas súas aventuras e cos seus temores. Á beira do mar o Señor chama os primeiros apóstolos e confialles a misión de seren pescadores de homes (Mc 1,16-20).

Abrir camiños polo mar é un grande desafío e supón unha fe moi grande, pois no mar non se notan os sinais nin se ven os carreiros. É preciso confiar. Por outra banda, aparecen atrancos e dificultades nas que o apóstolo se sente fráxil e indefenso. A veces o mar tórnase bravo e revolto e non resulta doado seguir o rumbo. Isto é o que acontece tamén na acción pastoral que temos que desenvolver nas nosas parroquias, nas chamadas unidades de acción pastoral constituídas, pero aínda non construídas. Este é o gran combate que hoxe temos que librar sen volverse atrás, sen ter medo a naufragar para lograr conducir a barca da nosa Igrexa a porto seguro. A figura de Paulo camiño de Roma é unha boa referencia para alimentar a nosa fe e a nosa

acción pastoral: *Non temas, Paulo, tes que te presentar diante do César e Deus concedeuche a vida de todos os que navegan contigo. Polo tanto, ánimo!, que eu confío como se me dixo* (Feit 27,24-26). As dificultades, o atrancos os duros traballos poden facer aparecer no horizonte sinais de crise que dun xeito ou doutro o apóstolo ten que afrontar.

2 Navegar no medio da crise

O paso polo mar fai presente non só as dificultades e os traballos, senón tamén as crises que aparecen na vida de toda persoa e polo mesmo tamén na vida do presbítero no exercicio de ministerio que o Señor lle confiou.

O pobo de Israel entra en crise na beira do Mar Roxo cando se decata de que o Faraón ven co seu exército para perseguilos e vólvese contra Moisés: *Cando o faraón se aproximaba, ergueron os israelitas a vista e viron aos exipcios que corrían tras deles. E, cheos de medo, clamaron cara ao Señor. Dixéronlle a Moisés: seica non había sepulturas en Exipto, para que nos fixeses vir morrer no deserto? Que ben nos fixeches con sacarnos de Exipto?* (Ex 14,10-18). A Boa Nova da liberación e da liberdade ante a dificultade atopouse co medo, coa desconfianza, coa inclinación a apoiarse nas seguridades de antes ata chegar a conformarse coa servidume.

Os mesmos apóstolos pasaron por esta mesma experiencia de escuridade, de ver abanando o proxecto que prometía Xesús, de morder a crise. Esa situación crítica aparece enmarcada atravesando o mar. Asociado ao mar está a noite e está tamén a fe. Os Doce teñen medo, apenas teñen fe ante a escuridade e a tempestade que ameaza afundir todo: *E naquel día á caída da naoite, díxo-*

lles: Veña, vamos paa a banda de alá... El estaba na popa durmindo sobre un cabezal... Mestre, seica non che importa que afoguemos?... Por que tendes tanto medo? Seica índa non tedes fe? (Mc 4,35-41). O escenario de Xesús camiñando sobre o mar ten practicamente os mesmos elementos que vimos de nomear: o mar, a noite, a tempestade, o medo dos discípulos: Xa era noite pecha e Xesús aínda non chegara onda eles. O mar empezouse a picar... Despois de vogar unhas tres millas viron a Xesús camiñando por riba do mar e, conforme se ía achegando ao bote, empezaron a coller medo. Pero el díxolles: Son eu, non teñades medo! (Xn 6,17-20). Mateo nesta mesma escea fai un apuntamento referente a Pedro que subliña a crise e a falta de fe en Xesús Cristo, que se presenta xa ao romper o día aludindo á resurrección: Respondeulle Pedro: Señor, se es ti, mándame que vaia onda ti, camiñando pola auga. El díxolle: Ven. Baixou Pedro e púxose a camiñar pola auga... Pero... colleu medo, empezou a afundirse e púxose a berrar: Señor, sálvame!... Home de pouca fe, por que dubidas? (Mt 14,23-33).

Sorprende decubrir a pouca fe do grupo dos Doce, que non acaban de fiarse do Señor, aparvados e desconcertados pola grave crise que xurdiu da decisión de Xesús de ir a Xerusalén e de pasar polo escándalo da cruz: *Ao Fillo do home vano entregar nas mans dos homes, que o matarán; pero despois de tres días, ha resucitar. Eles non entendían o que lles dicía, pero non se atrevían a preguntarllo (Mc 9,31-32).*

Os curas pasamos tamén por estas crises que é preciso recoñecer e afrontar. A fe é unha planta delicada que nunca se pode considerar definitivamente plantada e instalada en nós. Precisa moitos coidados e pasa tamén por momentos escuros. Neste caso é moi importante o acompañamento espiritual, o discerni-

mento. É preciso que a Formación Permanente reavive a fraternidade, que fomente o coidado e o alimento da fe, que dea forza para saber integrar as dificultades e mesmo tamén a ausencia de éxitos inmediatos na acción pastoral, que poden conducir ao pesimismo e ao desalento.

Non podemos esquecer que o evanxeo, a fe cristiá preséntan-se hoxe como algo contracultural. Isto mesmo aparece no discurso eucarístico de Xesús na sinagoga de Cafarnaún. Aquela multitude coma unha gran parte da nosa xente estaban preocupados polo pan de cada día, pola subsistencia e os bens materiais. Por iso buscaban a Xesús, pensando nos seus intereses e nas súas necesidades primarias. El fala doutro alimento que han de procurar: *Con toda verdade volo aseguro: buscádeseme non porque vistes sinais, senón porque comestes pan ata fartarvos. Traballade non polo pan que se acaba, senón polo que dura deica a vida eterna, o que vos dará o Fillo do Home: pois el é a quen o Pai Deus marcou co seu selo (Xn 6,27).*

A busca do recoñecemento da xente, do éxito pastoral fácil, da acomodación ás modas do momento serán sempre unha tentación: *Entón Xesús, decatándose de que o ían vir coller para o proclamar rei, retirouse outra vez ao monte el só (Xn 6,15).* É unha proba que hai que afrontar co risco de pasar pola incomprensión, a indiferenza ou o menosprezo especialmente cando o Evanxeo e as propostas pastorais son unha forte interpelación e cuestionamento aos desexos ou ás expectativas de persoas e grupos que ameazan con abandonar a Igrexa, se non se accede aos seus pedimentos. Isto mesmo experimentou Xesús, que non someteu a súa mensaxe e sobre todo o seu ministerio a rebaixas ou a fáciles acomodacións: *Cando tal oíron, moitos dos seus discípulos dixen-*

ron: Que dura é esta doutrina! Quen pode soportar tal cousa?... E aínda así, hai algúns de vós que non cren... Desde aquela moitos dos seus discípulos botáronse para atrás e xa non andaban con el (Xn 6,60-66).

Como estamos a afrontar na nosa diocese o absentismo eclesial e a ignorancia relixiosa tan numerosos nas novas xeracións dos que participan xa unha parte importante da poboación infantil? É un fenómeno preocupante e que nos desborda. Quizais moitas veces encóllesenos o corazón cando algunhas persoas abandonan e xa non participan na vida da parroquia. Estamos ante un gran desafío que temos que afrontar a un nivel colexial e sinodal. Non temos receitas nin solucións fáciles. Trátase de facer un traballo de busca, de reflexión, de discernimento para poder atopar luz e posibles pistas que nos leven a ir remontando esta crise global de xeito que vaiamos preparando un terreo no que a fe poida abrollar e botar raíces. Este debe ser un capítulo a abordar na Formación Permanente que abarca toda a vida dos presbíteros.

A Formación consiste en que cada un vaiamos tendo a forma de Cristo, ou que Xesús Cristo se vaia formando en nós, de xeito que a nosa persoa se configure á imaxe de Cristo. A fe é o lazo de unión con Cristo que nos permitirá superar as crises que poidan ir aparecendo en distintos momentos ou etapas da nosa vida. Por isto mesmo hai que coidar con mimo a vida de fe para poder responder como Pedro. El que vacila no lago sen reflexionar, porque quere andar polo mar coma Xesús, logo acepta converterse en pan coma o Mestre para ser alimento para o pobo; por isto pode facer esta confesión de fe que mostra a madurez do seu seguimento e da súa identificación con Cristo: *Perguntoulles Xesús aos Doce: E vós tamén vos queredes ir? Respon-*

deulle Simón Pedro: Señor: onda quen imor ir? Ti tes palabras de vida eterna, e nós cremos e sabemos que ti es o Santo de Deus (Xn 6,67-69).

3 Son eu, non teñades medo

O relato da misión dos Doce, a multiplicación dos pans e as reaccións da xente e dos apóstolos son un cadro poliédrico no que atopamos plasmadas diferentes facetas do noso ministerio na súa variedade e na súa complexidade.

A confusión, a escuridade, a crise dos Doce conclúe coa confesión de fe que acabamos de citar por parte de Pedro no nome do grupo dos Doce. Sen embargo, é preciso descubrir a fonte da que nace esta confesión de fe. A iniciativa está no mesmo Señor que ven de noite, casi ao romper o día ao encontro dos apóstolos, onde lles revela a súa identidade: Son eu. Son eu é o nome de Deus, o nome que lle deu o Pai ao seu Fillo.

Este encontro de Xesús co grupo máis coidado de discípulos é un encontro pascual, como xa temos apuntado. Nel resoa a revelación de Iahvé a Moisés como “Son Eu”, é dicir, eu estou sempre convosco(Ex 3,14). A escea final no lago é un anuncio da resurrección, da victoria da vida sobre a morte, da liberación sobre a escravitude e o pecado. Isto acontece no lago e de noite, preto de romper o día. Xesús aparece pisando o mar e poñéndoo debaixo dos seus pés como o espazo que respresenta a morte e o mal que el venceu. Esta perícopa semella unha aparición do resucitado. A noite, o mar revoltó e a tormenta que provocou o escándalo da cruz, o medo dos apóstolos que os leva a ver unha pantasma sitúannos nese paso da escuridade á luz que descubrimos tamén no encontro cos discípulos de Emaús (Lc

24,13-31) para dar paso á revelación que fai o mesmo Señor e que os apóstolos recoñecen e cren. Deste xeito os apóstolos superan esa sensación de fracaso para lanzarse logo a anunciar a Boa Nova da resurrección a todas as xentes.

Quizais a nosa Igrexa de Ourense, e dentro dela o noso presbiterio, nos atopamos ben retratados no cadro desa noite escura, onde se respira a confusión, un certo pesimismo e a desconfianza en que poida mudar a situación presente. Os apóstolos remaron case toda a noite eles sós. O seu traballo lonxe do Señor foi inútil e infecundo: *Fíxose noite e a barca estaba no medio do mar, mentres el quedaba só en terra. Vendo o fatigados que estaban de tanto vogar co vento en contra, ao raiar o día foi cara a eles, andando polo mar* (Mc 6,47-48). Moitos presbíteros e outros axentes de pastoral están cargados e fatigados de moitos traballos, de verse absorbidos por tantas tarefas que raian no activismo, sumidos nun duro trafego, facendo un derroche de xenerosidade, co risco ás veces de obrar quizais máis desde si mesmos ca desde a conciencia de ser servidores na viña de Deus.

Na nosa acción pastoral é importante garantir un tempo de escoita e de acoller a presenza do Mestre como María de Betania e non diexarse acaparar polas cousas externas, por quedar ben ou por dar unha boa imaxe: *Marta, Marta, preocúpaste e desacógustaste con tantas cousas, pero soamente unha é a necesaria. María escolleu a mellor parte, e esa nunca se lle vai quitar* (Lc 10,41-42). Entre tantas cousas, entre tantos reclamos non podemos esquecer o que o Mestre lle di a María e a cada un de nós: soamente unha cousa é necesaria. Cal é esa cousa? A resposta atopámola tamén no que o Señor lle di a aquel discípulo que está decidido a segui-lo, pero antes tiña que coidar o seu pai ata que morrese: dei-

xa que os mortos enterren enterren os seus mortos: ti vai anunciar o Reino de Deus (L, 9,59-60).

Coma os discípulos no medio da escuridade e do mar bravo tamén nós precisamos o alento e a presenza do Señor que nos dea forza e audacia para predicar o Evanxeo hoxe. escoitar e interiorizar: son eu, non teñades medo. O traballo de abrir camiños ao evanxeo é arduo. Dar o salto da fe implica saír de nós mesmos, das nosas seguridades e apoios... Isto é moi difícil no contexto sociocultural no que estamos habitando. Só coa fe e coa forza do Espírito poderemos ser verda-deiras testemuñas de Cristo resucitado en comunión, en fraternidade e nunha acción pastoral cada vez máis sinodal.

A fe e a convicción de que Cristo nos habita fará desaparecer o medo, o escepticismo e a amargura que moitas veces se respira nos encontros e nas distintas instancias diocesanas, para asumir con audacia e con entusiasmo a misión do anuncio do Evanxeo, tendo en conta as dificultades da acción pastoral e a necesidade de novas iniciativas e de opcións que hai que tomar. Como Pedro, nós precisamos tamén renovar e fe, coidala e confiar: *voga lago a dentro, e larga o aparello para pescar. Respoudeu Simón: Mestre, pasamos a noite faenando e non collemos nada, pero, xa que ti o dis, largarei o aparello (Lc 5,4-5).*

Somos moi conscientes de que sempre estamos en formación, de que temos que deixarnos formar polo Espírito que é quen nos dá a forma de Xesús Cristo. En todo o que facemos, planificamos, estudiamos e vivimos han de resoar en presente as palabras de Xesús aos Doce no lago de Xenesaret: *Son eu, non teñades medo*, que fan referencia a unha presenza continua e permanente,

tal como conclúe no mandado de misión o evanxeo de Mateo: *Asegúroos que eu estarei sempre convosco ata a fin do mundo* (Mt 28,20).



Encontro 5º

VIDE COMIGO A UN LUGAR A DESCANSAR

O capítulo seis de Marcos presenta diferentes aspectos ou caras do ministerio presbiteral que desexamos renovar e vivir con fidelidade. O último no que imos reparar este curso pastoral, para experimentar a alegría de fe que fai superar todos os medios, é a invitación de Xesús de ir xuntos a un lugar retirado e de darnos tempo para compartir, para dialgoar e tamén para descansar. Deste xeito nestes espazos que temos que privilexiar vai resoar con forza e tamén con ánimo estimulante: *Son eu, non teñades medo*. Este é o obxectivo primordial e final da Formación Permanente que tentamos acadar este ano pstoral.

1 Volveron a reunirse con Xesús

O capítulo seis de Marcos, como xa temos indicado, é un bo cadro de referencia para contemplar a misión de Xesús e a dos Apóstolos, na que se encadra tamén a nosa misión como discípulos-misioneiros, a quen o Señor nos puxo ao servizo das nosas parroquias e grupos coa prestensión e o desexo de que cheguen a ser verdadeiras comunidades cristiás.

A visita de Xesús a Nazaret, onde a súa predicación encontrou serias resistencias, o envío dos apóstolos a predicar e a curar, a situación difícil das multitudes do pobo que estaban famentas e como ovellas sen pastor... Todo isto amósanos unha actividade febril, a situación dun pobo pobre e humilde que

demanda presenza, dedicación e implicación na súa realidade complexa. E por outra banda, está tamén a necesidade de buscar espazos de retiro, de reflexión, de diálogo e discernimento, nunha palabra, facer revisión da acción pastoral realizada e mirar cara o futuro. Neste marco encádrase tamén o noso ministerio, o estilo de vida, de presenza e o traballo pastoral nas nosas parroquias e nas unidades pastorais en xestión que hai que deseñar e redeseñar para poder responder de forma axeitada á realidade do noso pobo e da nosa Igrexa presente nunha gran parte da Galiza baleirada, no medio rural especialmente.

Este traballo de novo deseño e renovación ten que facerse en común, de forma sinodal, é dicir, xuntos e en comunión. Se isto é tan importante e prioritario hai que darlle tempo, hai que privilexialo no traballo pastoral e facer primar por riba de todo a presenza, a participación e o traballo persoal e en grupos. Por isto as reunións de arciprestado teñen que ser de “obrigada participación” para todos os curas do arciprestado, moi especialmente para os párrocos que han de asegurar sempre a súa participación activa como un elemento primordial do ministerio parroquial, como acontece coa celebración da Eucaristía, a administración dos sacramentos ou o ministerio da caridade. Algo semellante podemos dicir para o Consello Presbiteral, o Colexio de Aciprestes e o Consello de Pastoral Diocesano.

Despois do primeiro envío en misión Xesús réunese de novo cos apóstolos e fan unha revisión da acción pastoral realizada buscando un lugar retirado para compartir con serenidade e con paz o traballo apostólico realizado: *Cando volveron a reunirse con Xesús, os apóstolos contáronlle canto fixeran e ensinaran. El díxolles: vide vós comingo a un lugar arredrado, e descansade un pouco* (Mc

6,30-31). Neste texto ffacilmente retemos o do descanso, que é algo moi necesario e que moitos dos nosos irmáns de presbiterio ten dificultades porque non contan con relevos, pero non é menos importante tamén o darnos tempo para contar o que facemos e ensinamos, para discernir xuntos, para animarnos ou para secundar iniciativas que a diocese ou outros irmáns están impulsando e realizando.

Este diálogo pastoral entre irmáns de ministerio é moi importante. Correspóndese coa natureza do mesmo ministerio ordenado que é un carisma colexial, pois que todos os presbíteros temos o mesmo e o único ministerio de Xesús Cristo. Aquí atópase un espazo privilexiado da Formación Permanente que realizamos os presbíteros conxuntamente a partir da realidade na que estamos vivindo e dos retos que nos presenta. Neste espazo buscamos sobre todo escoitar o Señor que é quen nos elixiu e quen nos convoca de novo a revisar e a compartir o traballo realizado de xeito que no futuro vaia na liña que o Espírito nos vai marcando a través das luces que él nos vai dando. O Evanxeo de Lucas presenta este encontro de Xesús cos setenta e dous cando volven da misión. El failles descubrir o que é fundamental e onde deberán poñer o acento: *Entón volveron os setenta e dous moi contentos, dicindo: Señor, aínda os demos tamén se nos someten no tue nome... Con todo non vos alegrades de que os espíritos se vos sometan: alegrádevos, máis ben, de que os vosos nomes estean escritos no ceo* (Lc 10,17-20).

Os encontros cos irmáns de presbiterio e demais axentes de pastoral non son algo opcional, senón que son parte constitutiva do ministerio e da misión para a que fomos escollidos e á que

nos consagramos, pero realízase en comunión tanto cos presbíteros coma con todo o pobo de Deus (PDV 74).

O encontro con Xesús Cristo e a reunión cos irmáns abre novos horizontes e ilumina o propio espírito, pois temos o risco de permanecer illados, desalentados ou pechados naquilo que se fixo sempre. O encontro co Señor, as nosas xuntanzas, o traballo persoal dan unha perspectiva e unha mirada máis ampla e máis clarificadora: *todos quedaron abraiaados de vez, porque non comprenderan o milagre do pan, ao teren aínda cerrado o entendemento* (Mc 6,51-52). Ter cerrado o entendemento é un gran perigo para moitos presbíteros, que nos podemos considerar suficientemente formados e estar instalados nas nosas experiencias e nos nosas certezas, pensar que xa o temos intentado todo e que xa non hai outras posibilidades e outras saídas... Os discípulos de Emaús pasaron pola mesma situación, pero o proceso de formación que acompañou o Señor Resucitado deulles outra visión ben diferente da que eles consideraban coma a única posible e realista: *E comezando por Moisés e todos os profetas, foilles interpretando o que as Escrituras falaban del... E dixeron: non ardía o noso corazón, cando nos falaba polo camiño, interpretándonos as Escrituras?* (Lc 24,27-32.45).

O Mestre convoca aos discípulos porque sabe que existe o risco de caer na mediocridade, na autorreferenza. Por isto mesmo é moi necesario coidar e cultivar a fe, especialmente neste mar de confusión da posmodernidade que se burla ou menospreza a quen se confesa crente ou con principios éticos e morais que marcan o seu estilo de vida. O mediocre só confía en si mesmo, mentres que a fe supón a confianza, a apertura e a relación con outros. Tamén nós somos convocados hoxe por Cristo

a través das diferentes mediacións da nosa Igrexa diocesana para renvoar a fe, asumir a misión con novo pulo e contribuir aos cambios e transformacións que precisa a diocese neste tempo actual. Fronte aos temores e as resistencias a cambiar, á incerteza dun futuro a construír hai unha palabra e unha presenza certas e de garantía: *Son eu, non teñades medo*. Pero é preciso facer silencio para poder escoitar esta palabra.

2 Xesús retirouse ao monte el só

Os espazos de retiro, de diálogo e de discernimento en grupo lévannos a considerar a importancia de facer o mesmo a nivel persoal. Como pastores segundo o corazón de Cristo tamén nós procuramos seguir os pasos de Xesús en todo. O Mestre sempre buscou e privilexiou eses espazos de retiro na montaña, no deserto, na beira do mar, onde el só oraba ao Pai.

Despois de todo o trafego coa multitude que alimentou co signo da multiplicación do pan, Xesús retírase el só ao final da xornada: *E cando rematou de despedir á xente, foi orar ao monte* (Mc 6,46). Nin a hora, nin o cansazo do duro traballo foron motivos para aprazar a oración, a primacía do diálogo co Pai. A oración permítelle a Xesús ver en profundidade, ver cos ollos do Pai o que moita xente quere demandar ou o que lle gustaría que realizase Xesús na súa misión, pois non sempre iso se axusta á vontade de Deus: *Entón Xesús, decatándose de que o ían vir coller para o proclamar rei, retirouse outra vez ao monte el só* (Xn 6,15).

Na acción pastoral de Xesús a oración e o diálogo co Pai é son o seu primeiro traballo, que coída e garante, pois son para el un artigo de primeira necesidade. Sempre busca tempo e nunca

pón a escusa de que non hai tempo, de que ten moitas actividades e traballos que realizar: *Erguéndose moi cedo, aínda de noite, saíu para un lugar arredado, onde se puxo a orar. Simón e os seus compañeiros fórono seguindo, e cando o atoparon, díxéronlle: todos te andan a buscar. El respondeu: vaíamos a outro sitio, ás aldeas veciñas, para predicarmos tamén alí, que para iso vin* (Mc 1,35-38).

Cando elixe o grupo dos Doce pasa tamén a noite na montaña orando a Deus (Lc 6,12-16). A oración de Xesús revela a súa identidade. El é o Fillo obediente que veu ao mundo a facer a vontade do Pai. Este é o seu alimento: *a miña comida é facer a vontade daquel que me enviou e levar ao remate a súa obra* (Xn 4,34). Facer a vontade do Pai é o corazón da oración que Xesús ensinou aos seus discípulos. E isto é o que nos mostra na oración da Horta das Oliveiras antes de ser apresado, orando el só un pouco alonxado dos seus discípulos: *Meu Pai, se queres, arreda de min este cáliz. Pero que non se faga a miña vontade, senón a túa* (Lc 22,43; 23,46).

O noso seguimento de Xesús Cristo lévanos a seguilo tamén na súa oración, a orar segundo o modelo que temos no Mestre, e a procurar medios, espazo, tempo de xeito que a oración teña na nosa vida o peso e a importancia que vemos que ten en Cristo. Por isto mesmo a oración persoal e tamén a comunitaria é un espazo moi importante na Formación Permanente dos presbíteros.

Todos sabemos a gran importancia que ten a oración e a primacía na vida do sacerdote, pero quizais a realización e a integración na nosa vida de cada día, na organización de cada xornada fiquen aínda un pouco lonxe. O valor e a calidade da ora-

ción do presbítero mostra o grao da súa configuración e identificación con Xesús Cristo, dito con outras palabras, o que é e significa Cristo para nós mídese e revélase a través da nosa vida de oración.

É moi frecuente entre os presbíteros oír que non temos tempo para a oración, para ler e meditar a Palabra de Deus. A todos nos contaxia a présa, a velocidade, o estar en contiunuo movemento. No noso ambiente hai pouca contemplación, bastante acción e moitísima axitación. Sabemos que a oración é un combate moi importante e que temos que navegar moitísimas veces con vento en contra. Por isto é tan necesario o coidado da Formación Permanente e non xustificarse tan fácilmente na falacia ou no atoengano de que non temos tempo.

Para o presbítero coma para Xesús é fundamental estar a soas co Señor, de tú a tú, renovando a súa adhesión a Xesús Cristo e a caridade pastoral no exercicio da misión. Neste campo precisamos estar sempre vixiantes, pois nada hai máis falso que un pastor que perdeu o hábito de estar co Señor de tú a tú e que se está convertendo cada vez máis nun empregado da empresa-Igrexa. Este risco sabemos que é grande que pode distorsionar a visión do ministerio se o presbítero se deixa arrastrar polo que se respira nos nosos ambientes, como recorda A. Cencini: o home de hoxe e de sempre e tamén o cosagrado e o apóstolo teñen a necesidade de escapar cada certo tempo do caos que o invade e contamina, do ambiente dominado polo culto ás cousas exteriores, aos resultados, ao éxito, a figurar a calquera prezo e ser o centro de atención de todos os focos³.

³ A. CENCINI, *La Formación Permanente*, Madrid (2003), p. 150.

O sacerdote ten que coidar e alimentar a súa fe en Xesús Cristo e a fe das súas comunidades e parroquias. A fe é ante todo unha relación, un encontro persoal co Señor. Crer é unha forma de entrega confiada. Por isto mesmo o diálogo da fe é tan fundamental non só para vida persoal do presbítero senón tamén para a súa acción pastoral. A oración de intercesión pola nosa xente é fundamental na vida apostólica. Xesús así nolo mostra na chamada oración sacerdotal antes de ser entregado á Paixón (Xn 17). A caridade pastoral ha de alimentar e reavivar o noso ministerio e estar presente en todo, pois cada un fórmase a partir daquelo do que se nutre. Pero non podemos esquecer que aquilo do que nos estamos nutrindo é sempre adecuado á nosa condición e á nosa verdade de sacerdotes.

A oración do presbítero é tamén oración apostólica. Consiste fundamentalmente en contemplar a humanidade baixo a luz de Deus revelado en Xesús Cristo, e aprender a contemplalo no rostro dos homes. Esta oración ten catro momentos fundamentais: Mirar, contar, escoitar e darse. Velaquí unha aprendizaxe que moitos precisamos coñecer, ensaiar e exercitar. Isto hoxe é unha necesidade apremiante nestes tempos que nos toca vivir nos que se precisa creatividade pastoral para abrir camiños novos, para plantar o Evanxeo nunha sociedade que se fai impermeable á fe. Por isto é tan necesario remediar a diminución actual da creatividade pastoral, que é moi preocupante, porque é sinal da pobreza da visión da misión evanxelizadora hoxe e da caridade pastoral.

O encontro e a comunión con Cristo envía os apóstolos á xente que camiña famenta e ás veces extraviada para proporcionarlle o verdadeiro alimento.

3 Dádelle vós de comer

O capítulo seis de Marcos que inspira o noso programa de Formación Permanente invítanos a considerar neste proceso formativo o ministerio da eucaristía inseparablemente unido ao ministerio da caridade.

Xesús faise presente no medio da multitude, faise cargo da súa situación, descobre os seus problemas e as súas necesidades e actúa e reacciona implicándose e proporcionándolle o alimento a un pobo pobre e humilde. Os apóstolos son invitados por Xesús a comprometerse a procurar o alimento para aquela xente necesitada, pois a axuda aos pobres é unha dimensión moi importante da súa misión.

Xesús procura o pan de cada día para satisfacer a fame da xente, pero non se contenta co pan material. Fai todo un proceso catequético para que a multitude do pobo descubra que hai outro alimento que é moito máis necesario, o que El mesmo lle dá, pois converteuse no verdadeiro pan que dá a vida que non acaba nunca: *Traballade non polo pan que se acaba, senón polo que dura deica a vida eterna, o que dará o Fillo do Home: pois el é a quen o Pai Deus marcou co seu selo... Eu son o pan da vida* (Xn 6,27.35). Xesús fai pasar do pan que farta a fame do corpo ao pan eucarístico que é el mesmo que se nos dá en alimento. Por iso a eucaristía e o ministerio da caridade son inseparables. A caridade, que é moito máis radical cá solidariedade, ten as súas raíces e a súa plenitude na Eucaristía, e por outra banda, a Eucaristía é o manancial onde se nutre e alimenta a caridade, a acción de Cáritas.

Como estamos facendo e vivindo este proceso de simbiose e de unión entre a Eucaristía parroquial e a acción de Cáritas nas nosas parroquias?

Estamos vivindo uns tempos difíciles, de crise e penuria económica para os colectivos máis precarios e empobrecidos, afectados especialmente pola guerra de Ucraína e as consecuencias da pandemia, entre outras; tamén por un paro casi endémico neste país. A presenza dos inmigrantes en situación de desprotección social e laboral é moi frecuente. Un colectivo moi numeroso na nosa diocese son as persoas da terceira idade, especialmente os que viven no mundo rural en soidade e illamento moitos deles, sen esquecer os que están nas residencias, onde quizais non está suficientemente regulada e garantida unha verdadeira atención pastoral. Neste senso tampouco se pode esquecer que os sacerdotes de moitos deses lugares son parte do mesmo colectivo de persoas maiores.

Podemos preguntarnos como estas situacións están presentes na vida das nosas parroquias, nas celebracións da Eucaristía e na nosa forma de vivir o ministerio. A acción caritativa e a celebración da Eucaristía son dúas realidades paralelas ou teñen algúns puntos de encontro?

En moitas das nosas parroquias distribúense alimentos, axúdase a financiar certos pagamentos de emerxencia social (electricidade, alugueres, libros escolares, etc). A nivel diocesano hai determinados programas, moitos deles subvencionados que axudan e promocionan a certas persoas e grupos... Procúrase unha relación coa parroquia, un testemuño de fe e mesmo unha proposta evanxelizadora dentro do respecto á liberdade de cada


quen? Como tentamos mostrar que esa doazón e ese compartir teñen a súa fonte en Cristo mesmo, que é o verdadeiro pan que nos permite ser gratuitos na nosa entrega, na nosa doazón e neste traballo de voluntariado que se está a realizar? Temos necesidade de seguir afondando na dimensión evaxelizadora da caridade, dunhas obras que teñen a súa raíz na fe, tal como o Señor nolo advirte no discurso do pan de vida na sinagoga de Cafarnaún: *Que temos que facer para realizar as obras de Deus? Respondeu Xesús: esta é a obra de Deus: que creades naquel que El enviou* (Xn 6,29).

A xente a quen se acolle e axuda é convidada á celebración da Eucaristía, a formar parte da familia e da comunidade parroquial? Quizais esta situación nos está mostrando o déficit que estamos a ter na vivencia do que é ser comunidade cristiá nas nosas parroquias. O camiño comunitario e sinodal é urxente e necesario promovelo e potencialo. Este é un dos grandes retos que temos hoxe na nosa Igrexa e tamén no noso presbiterio diocesano, onde os organismos colexiais teñen que ter un peso moi grande e unha forte dedicación para os prebíteros nesta conxuntura tan complexa na que estamos a vivir, de xeito que poidamos deseñar e abrir camiños ao Evanxeo, que non é aprezado nin considerado, quizais porque non é coñecido.

O noso programa de Formación é a configuración con Xesús Cristo, cabeza e pastor da Igrexa. Trátase de ter e de facer presente na nosa vida e ministerio a persoa de Cristo o Bo Pastor, de ser cada presbítero un retrato vivo de Xesús Cristo. Este é un camiño que facemos xuntos, é un camiño complexo que se realiza guiados pola fe coma o paso do Mar Roxo e a travesía polo lago de Tiberíades que fixeron os apóstolos onde a fe su puxo a

proba. Unha cousa é segura, sen éxodo, non importa a forma que este asuma, non pode surxir ningunha comunidade. O traballo é seductor, pero tamén arduo. Nos nosos encontros e na vida de cada día facemos memoria destas palabras que Xesús pronuncia para nós:

- Voga mar adentro, e bota as redes para pescar.
- Son eu, non teñades medo.
- Eu estarei sempre convosco ata a fin do mundo.



Mis notas...

«Ánimo. ¡Soy yo! No tengan miedo» (Mt 14,27)

